



*Contos
do museo*

Relatos do Museo Provincial de Lugo

Cantos do museo

3ª edición: decembro, 2010

© dos textos:

Xabier P. DoCampo
Agustín Fernández Paz
Paco Martín
Xosé Miranda

© das ilustracións:

Xoán M. Balboa
Alejandro Carro
Macía
Paco Pestana

© Edita:

Servizo de Publicacións. Deputación de Lugo
Museo Provincial de Lugo
San Marcos, 8. 27001 Lugo

Deseño e maquetación: ta ta ta
Impresión: Gráfico-Lugo
Depósito legal: LU-xxxxxx

Edición non venal

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Autores

Xabier P. DoCampo
Agustín Fernández Paz
Paco Martín
Xosé Miranda

Ilustracións

Xoán M. Balboa
Alejandro Carro
Macía
Paco Pestana

Edición a cargo de Antonio Reigosa





Presentación

Presentamos esta nova edición de Contos do museo tras unha longa e exitosa andaina desta publicación que se propón achegar aos lectores máis novos a literatura inspirada nalgúns dos contidos que lles pode ofrecer o Museo Provincial de Lugo.

Así foi concibida a actividade denominada *Rutas literarias polo museo* cando aló polo ano 2003 comezou a aparecer no programa de actividades educativas que se ofertan aos centros escolares de toda Galiza. Tanto a proposta educativa como os relatos inseridos neste libro resultaron do gusto tanto do profesorado como do alumnado, e desde entón, curso tras curso, foise renovando esa confianza e interese na proposta.

Aquela iniciativa, agora experimentada con óptimos resultados, anímanos a seguir traballando, propoñendo ideas e recursos para que a nosa literatura sexa coñecida polas novas xeracións, e para que os museos atendan a principal función que a sociedade lles encomenda, que non é outra que a de atraer a curiosidade dos concidadáns polo coñecemento e goce do noso patrimonio histórico e cultural.

Contos do museo é un libro de relatos inspirados no museo e nos seus contidos e, ao tempo, unha proposta didáctica e unha guía literaria para via-

xar polas rutas do museo cun aquel de aventura; un libro para ler e para facer sentir, a través do alento dos seus autores, emocións e sensacións diferentes naqueles capaces de reparar no aporte da imaxinación.

A Área de Cultura da Deputación de Lugo e o Museo Provincial, conscientes da importancia de sensibilizar ás novas xeracións e aos educadores cara ó uso dos museos como centros complementarios da súa formación, tentan poñer os medios que o posibiliten.

Mais, seguramente, nada conseguiríamos se non contásemos coa inestimable axuda das persoas idóneas, as que nos agasallan coa súa capacidade creativa para que este proxecto sexa posible. Agradecemos aos escritores Xabier Docampo, Agustín Fernández Paz, Paco Martín e Xosé Miranda, así como aos ilustradores Xoán M. Balboa, Alejandro Carro, Macía e Paco Pestana o esforzo e o excelente resultado das súas creacións.

Antón Bao Abell eira
VICEPRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO

A Área de Cultura da Deputación de Lugo, consciente de que un museo é un proxecto en permanente construción, procura os medios humanos e materiais para que o Museo Provincial, unha institución de longa andaina, dea a coñecer os seus contidos, da maneira máis eficaz posible. Ese é o traballo encomendado aos distintos departamentos e, sobre todo, ao Departamento de Didáctica que debe atopar os camiños, as mellores solucións para que público e museo se atopen na encrucillada do coñecemento e do saber.

Pois ben, esta actividade denominada *Rutas literarias* polo museo foi un deses acertos do que nos sentimos moi orgullosos nesta casa. Desde o ano 2003 a gran demanda que curso a curso xera xa demostrou que se pode aprender dunha maneira lúdica, que poden interactuar as diferentes disciplinas creativas, e que ao final, á hora de avaliar os resultados o que máis importa aos adolescentes que realizan esta actividade é, precisamente, esa posibilidade de “ver o museo” desde outros puntos de vista, sen discursos monotemáticos. Gustan desta maneira de dialogar co museo, cos personaxes dos relatos, coas pezas expostas e conclúen que así si, que lles gustan os museos

Tódalas ideas e propostas didácticas encamiñadas a conseguir este obxectivo deben tomar en consideración artes e técnicas que estimulen a creatividade. O máximo esforzo, como é obrigado, vai dirixido ós potenciais visitantes máis novos, a aqueles que, estando en período de formación, teñen á espreita a curiosidade por todo o que os rodea. E pareceunos, xa que o museo é a casa das musas que inspiran a inventiva, que a literatura expresamente pensada para eles, asinada por expertos recreadores do imaxinario, ben podería ser a arte capaz de trasladar ficcións localizadas no museo ó debezo de fantasías dos bos lectores. Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Paco Martín, Xosé Miranda, Xoán M. Balboa, Alejandro Carro, Macía e Paco Pestana, fixéronnos un agasallo impagable, o seu talento creativo; eles fixeron posible que *Contos do museo* chegase a ser realidade e que agora ti, lector, poidas gozar destes catro relatos e das ilustracións que os complementan. Os case 17000 alumnos e alumnas de ESO que participaron nesta actividade, procedentes de moi diferentes e distantes centros de todo o país, avalan o antedito.

Aurelia Balseiro García

DIRECTORA DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



*Rutas
literarias
polo museo*

O Departamento de Didáctica do Museo provincial del Lugo quere saudar aos autores deste libro e agradecerlles a súa imprescindible contribución para estimular de vez o interese pola lectura e polo coñecemento dos fondos do museo. Con este propósito, no programa do vindeiro curso escolar ofertaremos aos docentes de Ensino Secundario unha actividade didáctica denominada “Rutas literarias polo museo” coa que, baseandose nos contidos de cada un dos contos e das ilustracións deste libro, trataremos que os alumnos e alumnas que participen disfruten dunha inesquecible experiencia. Cada unha das catro rutas literarias previstas tomará como guieiro cadanseu relato.

A *Ruta do fantasma* terá como referente o conto *Visita nocturna* de Xabier P. DoCampo, quen nos ofrece, coa mestría acostumada neste autor, un sucedido sobre espíritos de aparecidos. Imaxinade que visitades o museo de noite, sen máis luz que a da vosa lanterna e atopades....; en fin, dá arrepío só pensalo. As fermosas ilustracións de Paco Pestana evocan a sombra das figuras que debuxa o medo.

A *Ruta do paxaro* inspírase no relato de Paco Martín, *Un paxaro posible*; unha historia que



Rutas literarias polo museo

esperta a tenrura e que nos ensina que a fantasía é unha ferramenta útil e necesaria para vivir. Ao paxaro marabilloso de Paco Martín faille un retrato tan acabado o ilustrador Xoán M. Balboa que mesmo semella esconder o alento da vida.

A *Ruta do trasno* viaxa tras a estela dun destes enredantes que o escritor Xosé Miranda desenmascara en *Un trasno do museo no Tour de Francia*. Unha historia documentada e rigorosa que resolve certos misterios sobre a causa dos comportamentos dalgúns corredores na gran carreira ciclista. As ilustracións de Alejandro Carro lévannos da man polas peripecias destes demións argalleiros.

A *Ruta da serpe* ten como guía o conto *A serpe de pedra* de Agustín Fernández Paz; un relato adobado con misterio e medo, desenvolto coa elegancia de estilo dun mestre no oficio da escritura. Os debuxos de Macía teñen o mérito de transparentar a complicada psicoloxía do protagonista da historia.

Agardamos que tanto o libro que agora vos ofrecemos coma as actividades didácticas que del se derivan sexan do voso interese. ■

Departamento de Didáctica

Visita nocturna


Autor:

Xabier P. DoCampo

Ilustracións:

Paco Pestana





Aquela postura non era moi cómoda. Podería sentar, pero tiña medo de facer algún ruído ao tocar contra os taboleiros, sabía que non habían ser de madeira, senón dalgún material deses máis lixeiros que, se lles tocasse, farían ruído, iso se non se desprazaba do sitio a estrutura enteira e alguén podería ver como se movía o caixón. Comezaban a lle aformigar as pernas.

Aínda que non sentise ningún son procedente do exterior, non podía moverse, porque no edificio aínda podía quedar moita xente. Os que se atrasaban nalgunha sala cando chegaba a hora de cerrar; o persoal que seguía a traballar ata máis tarde; os que revisaban que non ficase ninguén estraño dentro; a xente que viña limpar... Tería que continuar alí polo menos ata as doce da noite e eran pouco máis das oito e media. Tres horas e media era moito tempo para estar metida dentro dun caixón sen se mover, pero non había que facerlle.

Dedicouse a ollar a pouca luz que entraba por embaixo e polas xuntas do caixón, sen con iso calmar o seu nerviosismo, aquela angustia que se estaba a apoderar dela segundo ía pasando o tempo.

Principiaba a sentir dor nas coxas e pequenas

cambras no papo das pernas. Xa non lle quedaba máis remedio que intentar poñerse doutro xeito. Se o facía con moitísimo coidado, atendendo ben a cada movemento, seguro que o lograba.

Apoiou as mans no chan e foi deixando esvarar o corpo ata dar co cu embaixo. Sentiu un grande alivio ao poder afrouxar a tensión das pernas. Xa estaba máis cómoda. Acabou por encoller as pernas e abrazou os xeonllos.

O problema agora era que non podía pensar noutra cousa que non fose no moito tempo que había permanecer dentro do caixón.

De aí pasou a lle dar voltas na cabeza a idea de que podía esgotarse o osíxeno dentro do caixón e entón afogaríase. ¿Cómo era aquilo...? Ao respirar entra aire nos pulmóns. Unha vez alí, o osíxeno pasa ao sangue, e ao expirar (¿expirar non significa tamén morrer?) expulsamos dióxido de carbono... “Respirar dióxido de carbono pode causarnos a morte”, lembrou ter escoitado na clase, ou lido nalgures... E aquí dentro levo xa moito tempo respirando seguido, pensaba, o que quere dicir consumindo o osíxeno que había cando entrei..., pero ademais, durante todo este tempo estiven a encher o espazo do caixón de ceodous...

Comezou a acorexar. Arfaba. Alasaba... Alí non había aire abondo coma para que unha persoa permanecese moito tempo, pensaba. Non había tempo que perder. Saír. Saír aínda que a descubrisen e se armase un lío de mil demos. Ou iso ou afogar alí dentro. De todos os xeitos fixo esforzos por se tranquilizar, non debía precipitarse e pensar. Pero non era quen de tal cousa. Os nervios traballábanlle coma a factoría dunha película de debuxos animados... Saír. Saír. Saír...

Puxo as mans na parte alta do caixón, uns quince centímetros por enriba da súa cabeza, e fixo forza. Erguelo era máis difícil do que pensaba; cando se meteu nel erguérano Herminio e Eladio. Volveu empurrar e o moble comezou a se arredar do chan por detrás. Sentiu na parte baixa das costas, alí onde a fin da camiseta e o comezo do pantalón deixaban o pelexo espido, unha ventoadiña de aire frío. ¡Aire! ¡Está entrando aire! ¡Xa podería respirar! Aguantou un pouco e volveu deixar caer o caixón. Estaba máis tranquila. Acendeu a luciña que alumaba a esfera do reloxo. Eran as nove e vinte, ifaltaban aínda case tres horas! Pois habería que aguantar. Decidira que non sairía ata as doce, e así debía ser. Agora que xa sabía como rexenerar o aire

no interior do habitáculo, non había necesidade de se precipitar. Volveu erguer o caixón, desta vez pola parte que estaba diante dela, púxolle un pé de través e procurou na súa mochila. Como o espazo non era moito, levoulle un bo anaco atopar o seu foco, que colocou no lugar onde tiña o pé. Alí quedaba agora unha físgoa pola que entraba o aire arreo, pero non luz, porque xa apagaran fóra.

Desaparecida a angustia respiratoria, volveu sentar. Só había que agardar. Nada máis que agardar. Unha boa maneira de facelo sería durmir as oito horas de cada noite parecen un minuto cando chega a hora de se erguer. Pero non tiña sono. Mellor, pensou, iso quería dicir que non estaba a respirar ceodous, que din que dá sono. De todos os xeitos había facer todo o posible porque lle viñese. Tratou de pensar nalgunha cousa que a entretivese.

¿Como comezara todo aquilo? Estaba, había uns días, cunha amiga no café A Oficina e a conversa veu dar no museo, do que estaban a ver a fachada mesmo enfronte.

— Agora que o vexo –dixo Laura–, ¿lembras que a semana que vén hai que entregar o traballo do museo?

— Hoxe aínda é luns. Temos case dúas semanas por diante –dixo Alberte que chegara un pouco antes con Herminio e Eladio e foran sentar onda elas.

Tratábase dun traballo que lles mandaran facer sobre do Museo Provincial de Lugo. Poderían facelo na forma que quixeran e tratando o tema desde o punto de vista que lles dese a gana. O cal os tiña máis despistados.

— Eu nin sequera teño pensado de qué vou facer o traballo nin cómo –falou Eladio–. Non teño nin idea.

— ¿E como a vas ter se nunca entraches nel? –dixo Inés.

— ¿E logo ti si? –preguntoulle Laura.

— Pois, xa ves, si. De nena levoume meu pai tres ou catro veces. Despois aínda volvín outras dúas en primaria. Unha delas a un taller de creación e paseino moi ben.

— De pequeno tamén me levou a min o meu –falou Eladio–. E por certo que me contaba unha historia terrorífica sobre do edificio. Aínda que non creo que fose certa, porque para o meu pai non hai casa en Lugo, grande ou pequena, da que non che conte

unha historia de medo. Onde non houbo un crime, hai un fantasma; a que non foi algún día unha cova de ladróns, ha habitar nela unha alma en pena, precisamente como me contaba do museo. Pero meu pai é moi fantasioso. Nunca sabes se o que che conta é verdade ou o está inventando. Iso si, di que non son contos, que son sucedidos, así que non se che ocorra poñelos en dúbida.

— ¿E que historia che contou do museo?
—preguntou Inés moi interesada.

— Dun aparecido. Dun home que se aparece polas noites, non lembro ben.

— ¡Fai memoria, carai! Que a min interésame moito, que ao mellor fago o traballo diso.

— Non me acordo, Inés, non me acordo. Era algo que lle contou un que viviu moitos anos no edificio. Que polas noites andaba alguén na procura de non sei qué... Pero non se che ocorra poñer no traballo que cho contei eu, nin que apareza meu pai para nada, ¿estamos?

— Estamos —dixo Inés pouco satisfeita da escasa información que lle daba o seu amigo. Os outros ficaran calados e ollaban a Inés, que permanecía ensimesmada.



— Se me axudades vou ir pola noite ao museo a ver o aparecido.

Cando escoitaron aquilo o máis suave que lle dixeron foi “ti estás tola”, pero de alí a un pouco estaban a acordar con ela todos os detalles para que puidese facer o que se propuxera: as veces que cada un tería que ir ao museo; qué cousas debería observar e qué datos tiña que averiguar; escoller a noite máis adecuada; encubrila diante de seus pais para que pensaran que pasaba a noite na casa de Laura... En fin, todo canto fixo falla para chegar a que agora estivese dentro daquel caixón agardando que chegasen as doce da noite.

Non conseguira adormecer. Volveu premer no botón que alumaba a esfera do reloxo. Eran as once. Xa pouco faltaba. Non se sentía ningún ruído de fóra, e dentro só o que ela facía, que se remexía seguido... Seguramente tampouco era necesario agardar ata as doce da noite. ¿Que máis ten unha hora ca outra? Non quería estar alí metida máis tempo, ¿que podía ocorrer? Nada. Ben se notaba que xa non había ninguén máis ca ela no edificio.

Principiou a empurrar o caixón cara enriba ata arredalo do chan dabondo como para que o seu corpo coubese por embaixo. Nestas estaba cando

sentiu un ruído coma se alguén rozase algo por enriba do caixón. Ficou paralizada. O ruído non se repetiu ata que volveu empurrar. Pero desta vez non lle deu tempo a pensar qué sería, porque ao rozamento seguiu un peto contra o chan.

¡As esculturas!, pensou. O agochadoiro que encontraran despois de moitas visitas, fora na sala de exposicións que hai por tras da biblioteca. Alí había una exposición de minimalistas lugueses. Elixiran un caixón que tiña as dimensións suficientes coma para que ela collese dentro, e no que había dúas obras feitas con tixolos de obra e cabos eléctricos, que acababan de caer no chan.

Cando estivo fóra volveu erguer o caixón para recuperar a súa mochila. Á luz do seu foco apañou as esculturas e recompúxoas o mellor que puido, tendo en conta que non lembraba ben cómo estaban.

Despois apagou o foco e botou a andar, as luces de emerxencia, que estaban prendidas, alumaban dabondo coma para se guiar. Pasou por diante das oficinas, que tiñan as portas pechadas con chave. Nin pola cabeza se lle pasou intentar abrilas, a condición que se puxera a si mesma era a de respectar escrupulosamente

mente a integridade do museo e do seu contido.

Había que comezar a pescuda. Como non houbera ningunha resposta aos ruídos provocados polas manobras de saír do caixón, podía estar segura de que tiña o campo libre. Botoulle un vistazo a aquel plano azul no que marcara, xunto con outras notas, o camiño que había facer. O tempo que botara no caixón fixéraselle moi longo, e o que lle quedaba por diante atadar co que procuraba, había selo máis, así que estar atenta a todo canto vía ou escoitaba, sería o xeito de que lle rendese menos. Empezaría polo refectorio.

Prende o foco. Ter coidado que non se vexa a luz de fóra..... A bóveda... O ledoiro... Bo lugar para se agachar... Nada, aquí non hai ninguén..... As pallozas..... A Piedade... Santos... Moitos santos e virxes... Mobles... ¿Como se chaman...? Bargueños..... Por aquí á cociña... A cheminea.... Hai que ollala ben por dentro... Se ten buracos é un bo escondedoiro... Nada, tampouco aquí hai ninguén... O escano... Na capoeira non creo que se meta... Baleira... Cacharros de cociñar... Tixolas... Potes..... Vou fóra... O claustro... Reloxos de sol... Hai-nos ben bonitos... Este da muller é o que máis

me gusta... Escudos... dos das casas... ¿Como se chamaban estas pedras...? Estelas funerarias... Aquí vai frío... Teño que apurar... Imos ver, ¿onde pode agacharse...? ¿O que...? ¿Que é o que ando a procurar? Un aparecido... Un fantasma... Unha cousa do alén... Do trasmundo... Será mellor non pensar niso, que me estou a poñer medo a min mesma... Seguir a procurar e xa se saberá... Medo non teño... Ninguén me mandou vir. Vin porque quixen..... ¿Que foi iso? Nada... Serán figuracións miñas... Imos ver... Nos sartegos... Tampouco hai nada... Vou para dentro..... Máis santos... E cousas relixiosas... Sigo..... Os mosaicos... Isto si que me gusta a min... Este, este... Pasífae, que era irmá de Circe, foi a nai do Minotauro para quen Dédalo construíu un pazo labiríntico... Aquí, na miña cidade, cando ollaban este mosaico, comezaban a tirar polo fío de Pasífae, e entraban na Odisea coa filla do Sol... Ían a Cólquide con Jasón e os Argonautas... Emocionante... Pero teño que seguir... Vou para enriba..... Qué bonita é esta muller ... Está axeonllada... Parece que ofrece algo..... Aquí están os torques... Son de ouro... As arracadas tamén..... Quen sabe cantos anos teñen estas cousas...

Adornos... Ferramentas... ¡Manda o que xa sabían estes! ¿Que foi iso? Parece que rozou algo..... Moedas... ¡Carafio, sapos! ¡Chámanse sapos! Hei pedir un para o meu aniversario... Vaime quedar lindo aquí sobre do peito... Cadros... Castelao... Seoane... Laxeiro... Agora non escoito nada. Aquí máis cadros... Xulia Minguillón... Os rapaces na escola... Escribindo na pizarra como conta o avó... Meu avó é máis vello có papel, aprendeu a escribir nunha pedra... Xa levo dado voltas e voltas sen ver a ninguén... Se cadra non é certo... Se cadra estou a procurar algo que non existe... Teño que ficar parada e escoitar... Estar moi atenta... Algún ruído ten que facer... ¡Velo! Sentino ben... Déixome estar aquí... Apago o foco..... Nada... Agora xa non se sente nada... Pero desta vez non foi a miña cabeza..... Outra vez... É embaixo... Vou aló.... Pero a modiño... Podo ir sen prender o foco..... Vou agardar neste recanto das escaleiras... ¿Que hora é? As dúas... Xa son as dúas... Claro, ollando ben as cousas e lendo os letreiros o tempo váiseme..... Vou outra vez á cociña... Dáme a min que a cociña é o lugar..... Adormecín... ¿Canto tempo botei a durmir? Son as tres e vinte...

Máis dunha hora... Non se escoita nada... Agora nada... ¿Ao mellor viume durmindo na cociña e eu non o vin? ¿Que fago? Volvo enriba a ver se vexo algunha cousa... Se non vexo nada desta vez déixoo e voume..... As escaleiras... Subirei moi a modiño... Con pés de la... Se atopo a aparición teño que ter moito coidadiño de non escorrentala... Iso se non é ela a que me escorrenta a min... Porque comezo a ter algo parecido ao medo... É imposible, eu nunca tiven medo a estas cousas... Nin de pequena... A escuridade... Os fantasmas... A Santa Compañía... Eu teño medo a moitas cousas, pero nunca a estas... Aí está... Que non me sinta... ¿Que fai...? Parece que está a rezar... Déixome estar aquí... Nin respirar.....

No bico da escaleira, e axeonllada diante da imaxe de San Francisco que primorosamente tallara Asorey, había unha figura humana. Tiña os brazos en cruz coma os do santo e vestía un hábito vello da orde franciscana, desfiañado e roto. A cabeza algo ladeada e os ollos, seguramente, postos no fermoso rostro que esculpira o artista.

Inés, inmóbil e silenciosa, contemplaba aquela, aquel... ¿que? Só lle vía as costas e a coroa rapada dos da súa orde. Sentiu que bes-

bellaba e prestou atención.

— Xa non sei qué facer. Non se me ocorre qué sacrificio hai que non che ofrecese para que me saques de aquí, San Francisco –dicía.

O ton era de lástima e prolongábase nun choro baixiño, xunto cun abanear coma de ás de paxaro dos brazos e das mans. Ao lamento seguiu o silencio e a inmovilidade.

Agora a arela de Inés era cómo achegárselle. Achegarse e falarlle. De seguro que fuxiría, pero agardar máis tempo tampouco había valer para moito. Así que había que se decidir.

— Por favor, non fuxas –dixo a rapaza nun ton baixiño e suave–. Non te vaias que quero falar contigo.

O frade, sen baixar os brazos, virou a cabeza e ollou a Inés. Ergueuse de socate e fuxiu a correr cara á sala dos reloxos. Inés prendeu o foco e botou tras del berrando que non escapase.

— Non te vaias que veño para te sacar de aquí.

Ocorréraselle así, de súpeto, ao sentir os rezos do frade. E resultou, porque, aínda Inés non chegara diante do San Francisco, cando apareceu a cara do frade no lintel da porta.

— Agarda –volveu Inés–. Non teñas medo.

— Eu non teño medo, quen ten que telo es ti. ¿Que fas aquí?

— Vin ver se te atopaba.

— ¿A min? ¿E por que?

— Porque me dixeron que andabas no museo polas noites e quixen ver se era verdade.

— Pois xa me viches. Así que di que é iso de que me vas axudar a saír. ¿Quen che dixo que me quero ir?

— O santo –respondeu Inés acenando cara a imaxe–. Díxomo San Francisco de Asís.

— ¿Falouche San Francisco? ¿Ou sexa, que levo anos e anos falándolle noite tras noite sen que me dea unha fala, e ti chegas onda el unha vez, unha soa noite e xa che lareta ata os meus asuntos? ¿É que foi o que che dixo?

— Só me dixo que querías saír de aquí. ¿É así ou non é?

— É, claro que é.

Inés, xa convencida de que non había fuxir, deu unhas pasadas cara a el.

— ¡Ei! Para aí, que estás ben. E mata esa luz

que me está a ferir nos ollos.

— Xa está apagada —obedeceu a rapaza—. Agora será mellor que falemos, que eu non teño moito tempo, cando amenza teño que me agachar para que non me descubran. Quero axudarche tal e como me mandou o teu santo fundador. Imos procurar onde sentarmos e alí falamos.

— Non estou canso. Xa hai moito que me abandonou calquera padecemento físico. E ben que os boto a faltar.

— ¡Carai! Pois a min paréceme que se debe estar ben sen dores, nin cansazo, nin que che proan as costas alí onde non chegas coas mans... Sonche cousas ben molestas.

— Tamén pensaba eu así, pero eses padecementos teñen de bo que che fan esquecer outros ben peores. Se me doese algo non estaría sempre a matinar na miña desgraza.

— ¿E cal é esa desgraza tan grande?

— ¿Non te decatás? Levo aquí preso centos de anos sen atopar cómo saír, ¿non cho contou San Francisco?

— Non, iso non mo contou. Imos sentar no escano da cociña e alí cóntasmo todo a feito...



Inés virou as costas e púxose a baixar as esca-
leiras. Agora téño ben collido, pensou, e de
seguro que vén detrás de min.

Efectivamente, ao pouco o frade adiantou á
rapaza. Levitaba algo así coma unha cuarta por
enriba do chan e avanzaba co corpo tesó.

Só lles faltaba o lume, porque o que lle con-
tou o frade era coma un conto dos de antes.

Pertencera a unha das primeiras comunida-
des do convento de San Francisco que ocupara
boa parte do actual museo. Entrara de lego
cando aínda non fixera os quince anos, e agora
aparentaba poucos máis. Na comunidade oco-
rrieran sucesos que non quería contar, porque,
dicía, eran vergoñentos. O caso é que os frades
osmaron que logo habían morrer todos e con
iso viría o seu castigo: vagar polo convento ata
atopar unha única saída que lles quedaría.

Os anos seguintes foron un continuo son de
lamentos das almas dos frades que procuraban a
vía de escape. Había un frade velliño que non
participara no pecado e coñecía a saída, pero
cada vez que lla contaba a alguén, este esquecí-
aa de inmediato. Así que os outros frades fóron-
lle rogar que a deixase escrita nalgures. Que se

mellor aquí ou acolá, puxéronse de acordo en lla
tatuar nas costas ao bo do lego.

— Ningún deles sabía facer tales debuxos na
pel humana –contáballe o frade a Inés–, e fixé-
ronme unha carnicería coa punta dun coitelo
quente. Penso que algunha das almas dos frades
que aínda non deran co camiño, atopárona
fuxindo dos meus berros.

— ¿E aínda tes o debuxo nas costas?

— E debo ter, aínda que xa hai moitísimos
anos que non o sei. Nada máis morrer eu, viña
cada pouco un frade a me erguer os hábitos para
ollala, e xa non o volvía ver máis. Pero eu non
podo vela, que ma fixeron nun sitio que non son
quen de ver.

— Pero non tes máis que mirarte nun espe-
llo. Ou se ascaso en dous. Un por tras e outro
por diante, no que podes ver ao dereito o que se
reflicte no que tes detrás.

— ¿Que pensas, que son parvo? Ven ver
cómo se me ve a min nos espellos.

O frade ergueuse e botou a andar. Inés foi
tras del ata chegar a un espello que a rapaza non
vira pero o frade sabía ben del. Puxéronse dian-
te. No espello aparecía a imaxe de Inés e, ao seu

lado, o hábito do frade. Nin rostro, nin mans, nin pés, só o hábito.

— ¿Ves? As almas en pena non saímos nos espellos.

— Pois vasma ter que amosar a min.

— ¿Ensinarche o cu? ¡Ti toleaches! Iso non podo facelo.

— ¿E logo pensas que estás nunha situación coma para ser tan reparado?

— Pero se de algo así trataba o pecado que non che quixen contar. Aquel polo que recibimos este castigo.

— ¿De ensinar o cu?

— Pouco máis ou menos.

— Pois eu non atopo outra solución: ou vexo a tatuaxe e dígoche por onde se sae ou aquí ficas ata que poidas revirar a cabeza para atrás.

— É que me dá reparo. Ademais, ¿e se é pecado?

— Non creo eu que as almas en pena poidades pecar, e moito menos os pecados do corpo, ou da carne, como dirías ti. E menos aínda dun corpo que nin nos espellos se ve. Pero se non queres, alá ti. Eu voume, non vaias pensar que teño interese.

Inés fixo aceno de marchar e o frade retívoa pola manga da camiseta.

— Agarda. ¿Cómo poderíamos facer?

— Moi doado. Víraste érgoche as saias e leo o que pon nas túas costas.

— ¿E non me vas mirar para o cu?

— ¡Es a alma en pena máis parva do tras-mundo! ¡A min qué me importa o teu cu! Todo o mundo ten un, non creo que o teu teña máis que ver có dos outros. Non. Non che vou mirar para o cu.

— ¿Por qué mo tiveron que ir pintar aí? ¿Non mo podía facer noutro sitio?

— O que dixen: es parvo. Fixéroncho aí precisamente para que non o puideses ver e non largaras antes ca eles, ¿aínda non entendes? Veña, vírate e ergue as saias.

O frade principiou a dar volta con receo, pero Inés deulle un empurrón, ergueulle o hábito ata case o pescozo e alumoulle as costas, xusto por enriba das nádegas.

— ¡Aquí está! ¡Tes razón que che fixeron unha boa carnicería!

— ¿Por onde se sae?

— Aquí hai un cadrado cun círculo no medio.

Baixou o frade a vestimenta e encarou coa rapaza.

— ¿E que quere dicir?

— ¿A ti que che parece? ¿Que hai que teña esta forma?

— Non o sei.

— Que non o habías saber xa mo parecía a min. Olla isto –dixo Inés amosándolle o plano azul onde tiña marcado o seu itinerario–. ¿Qué che parece a ti que será este rectángulo cun círculo pequeno dentro?

— Non o sei. Xa che dixen que non o sei. Dimo ti se é que o sabes.

— O claustro e o pozo, miña xoia, o claustro e o pozo. Veña imos aló.

Sáiron da cociña e encamiñáronse ao claustro. Agora o frade levitaba detrás coma deixándose levar.

— Podo equivocarme, pero a saída éche polo pozo –dixo Inés despois de que deran varias voltas polo claustro. Dirixiuse alí e ollou para embaixo. Prendeu o foco e alumou a superficie da auga.

— Tes que botar nel. A saída está aí. Agora

tes que procurala ti.

— ¿Como me vou botar no pozo?

— ¿Que tes, medo a afogar? ¿Non penso que poidas morrer máis dunha vez? Agora que ti fai o que queiras.

— ¿E a onde irá dar?

— Ves, iso si que o sei: ivai dar ao outro mundo! Que é a onde che corresponde ir. ¿A ver, bótaste ou non?

— E que se é cara embaixo iso quere dicir que vai dar ao inferno.

— Non. Vaite tranquilo que ao inferno non vai dar, non ves que lles apagaba o lume. Seguramente vai dar ao río.

— ¿A que río?

— ¿Ti de onde es? ¿A que río vai ser? Ao Miño.

— Pois aló vou e que sexa o que Deus queira...

E dicindo isto o frade mandouse de cabeza no pozo...

— ¡Aló vai! ¡Que che vaia ben! Aínda que puides dicir “grazas e adeus”.

Inés agardou un pouco alumando o fondo do

pozo. A caída dunha alma en pena non alterou a tranquilidade da auga que seguiu quieta devolvendo a luz do foco de Inés.

Agora a agacharme e agardar que se encha isto de xente. Despois saio coma unha visita calquera. A Laura e aos outros direilles que non vin nada, vai ser mellor, se non vanme dar a roncha co cu do frade anos e anos...

TRABALLO SOBRE DUNHA VISITA
AO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
de Inés Meniño Loureiro.

Nota para o profe.- Vostede dixo que cada quen o fixese como quixese e sobre o que lle dese a gana.


A serpe de pedra


Autor:

Agustín Fernández Paz

Ilustracións:

Macía





Sei ben que só me quedan unhas poucas horas de vida, ninguén podería liberarme xa da maldición que sinto cada vez máis preto. Esta noite, cando a lúa chea brille con todo o seu esplendor no alto do ceo, non haberá portas nin fiestras que impidan a chegada do horror. Seino, dimo o corazón, como tamén sei que non estou tolo, malia a opinión unánime dos médicos paifocos desta clínica, empeñados en ver fantasías onde só existen realidades. Non os culpo: eu mesmo, hai só algunhas semanas, tería reaccionado igual ca eles. Pero os sucesos dos que fun testemuña obrigáronme a cambiar a miña visión do mundo. Non só eu estou condenado; agora sei que a humanidade enteira está en perigo, pois a cidade de Lugo acabará converténdose no centro dunha espiral de veneno que arrasará con todo no seu medre.

Por iso escribo agora estas liñas, obsesionado polo paso implacable dos minutos. Nunca agradeceréi o suficiente o xesto da doutora Salgueiro, que por fin atendeu os meus rogos e me facilitou este caderno. Hame servir para anotar nel, aínda que sexa ás présas, o relato dos acontecementos que me trouxeron ata esta situación. Cando mañá atopen o meu corpo ateigado

de veneno, quizais alguén lea estas liñas e entenda a mensaxe que conteñen. Entón o meu sacrificio non será inútil, pois servirá para deter o terrible avance do Mal. É a miña esperanza derradeira, a que me sostén mentres agardo a silenciosa chegada do meu executor.

2

Nacín na cidade de Lugo, nunha casa da Ruanova que hoxe xa non existe. Fose pola miña tendencia ao illamento, fose pola súa proximidade, o certo é que, xa desde neno, as instalacións do Museo Provincial exerceron sobre min unha fascinación que os outros rapaces do barrio non sentían. Mentres eles xogaban pola praza ou as rúas de arredor, eu prefería entrar no Museo e percorrer aquelas salas ateigadas de obxectos que tanto me seducían. Debo confesar que, aínda que a todas lles atopaba interese, as que realmente me atraían eran as vitrinas onde se exhibían os restos prehistóricos. Nin os engaiolantes torques de ouro da cultura castrexa, nin a rica colección de moedas, nin os curiosos reloxos de sol, me producían unha fascinación comparable coa que sentía cando contemplaba as pegadas dos máis antigos poboadores da terra que hoxe chamamos Galicia.

Cousas de nenos, pensará quen lea estas palabras. Non foi así no meu caso, porque, coa entrada na adolescencia, o meu interese pola prehistoria non fixo máis que aumentar. Lía todo o que caía nas miñas mans, que era moito, pois a biblioteca do Museo posuía uns fondos espléndidos. Sen eu pretendelo, acabei por converterme nun especialista que respectaban todos os profesores de historia do instituto. E cando chegou o momento de ingresar na Universidade, elixín a carreira de Historia, coa intención de especializarme en Arqueoloxía.

A miña tese de doutoramento titulouse “A cultura megalítica na Europa atlántica”, un traballo que non só mereceu a máxima cualificación senón que axiña se publicou e tivo recensións entusiastas nas revistas especializadas. Algúns capítulos, en especial os dedicados ao culto ás serpes na etapa megalítica, incluso mereceron a atención dos periódicos e das revistas de información xeral.

Foi unha sorte que a tese acadase unha repercusión así, porque axiña recibín tres ofertas para incorporarme á docencia universitaria. Unha delas, a da Universidade de Florencia, era moi atractiva e fíxome dubidar. Pero acabei por



preferir o posto que me ofreceron para traballar no Museo, non só porque me permitía residir na miña cidade, senón porque se me prometeu que contaría con tempo e medios para seguir afondando nas miñas investigacións.

Asignéuseme, naturalmente, o estudo e conservación das salas dedicadas á arqueoloxía, tan familiares para min. E, pasados algúns meses, a Deputación atendeu a miña solicitude e outorgoume unha substancial axuda económica para que puidese realizar escavacións no lugar que me tiña obsesionado desde os estudos que fixera para redactar a miña tese: a necrópole megalítica coñecida como A Roza das Modias.

Aínda que as horas se me escapan como a area entre os dedos, non podería continuar o meu relato sen referirme antes ao sitio que acabou sendo decisivo nos feitos que debo relatar. Se os humanos tivéssemos a facultade de volver atrás no tempo, podemo asegurar que a miña viaxe á Roza das Modias nunca se realizaría; deixaría que as xestas e as silvas cubrisen por completo ese lugar maldito para que ficase esquecido na memoria da xente. Pero non foi así, e os erros do pasado sempre temos que pagalos, aínda que

nunca imaxinei que o prezo sería tan alto.

Os restos megalíticos da Roza das Modias atópanse nun lugar situado na parroquia de San Xoán de Alba, moi preto de Vilalba. A zona coñécese co nome de Muíño Pequeno e hoxe está case deshabitada. Tan só dúas casas de labranza seguen abertas, pois as restantes foron quedando sen xente, como está a acontecer en tantos lugares do interior.

Sobre un pequeno outeiro, nun radio duns cincuenta metros, atópanse sete túmulos megalíticos, esas fascinantes construcións de pedra que, hai máis de cinco mil anos, os seres humanos levantaban para enterrar os seus mortos. Esta necrópole foi descuberta e estudada por uns investigadores vilalbeses no ano 1976. Nun traballo que publicaron posteriormente, no número 2 da revista *Gallaecia*, explicaban que tan só unha das mámoas se atopaba en bo estado de conservación, pois as outras estaban moi deterioradas. Sería unha máis dos centos de mámoas que existen en Galicia se non fose porque nalgúns dos oito chantos que rodeaban a cámara funeraria encontraron gravadas unhas liñas serpentiformes que ocupaban toda a superficie das pedras. Aínda que os descubridores o



poñían en dúbida, isto era un sólido indicio de que tamén en Galicia estivera vivo o culto das serpes, un culto arcaico que me atraía de xeito inexplicable. Comparadas con restos arqueolóxicos aparecidos noutras partes do mundo, aquelas liñas onduladas da mámoa das Modias pouca importancia tiñan. E, non obstante, non puideron afastalas da miña cabeza desde a primeira vez que lín o estudo e examinei as fotografías. Quizais porque o que de verdade me chamara a atención eran unhas poucas palabras que os autores escribían case ao remate do seu traballo: “...no se han practicado excavaciones en A Roza das Modias...”. Polo que eu sabía, nin se fixeran daquela nin ninguén se preocupara de facelas máis tarde. E agora presentábaseme a min a oportunidade de investigar un lugar tan cheo de posibilidades. Ese era o obxectivo que me guiaba, aínda que a ninguén llo dixen abertamente.

O día 5, primeiro luns de maio, marchei ao lugar onde se asentaba a necrópole megalítica. Non está lonxe de Lugo. Hai que coller pola estrada da Coruña e, ao chegar a Baamonde, desviarse pola que leva a Vilalba. Ao final dunha costa que remata á altura da igrexa de San Xoán de Alba, hai que virar á esquerda e meterse por

unha pista estreita. Aínda que estudara no mapa a localización exacta, tardei en dar co outeiro onde se atopan as mámoas, porque as terras do arredor estaban todas a monte e non era doado andar por camiños que os toxos e as xestas cegaran ata deixalos impracticables.


Despois de localizar o lugar, volví a estrada principal e retrocedín ata chegar a “O Bosque”, unha casa de comidas que hai onde comeza a costa. Unha vez alí, apalabrei o aloxamento para a semana que ía permanecer escavando. O lugar non era ningunha marabilla, pero estaba preto do meu obxectivo e iso permitiríame aproveitar todas as horas do día para a escavación.

Á mañá seguinte comecei o traballo. A mámoa onde pretendía escavar estaba máis deteriorada do que indicaran os descubridores no seu día, pero eran só estragos superficiais. O espacio central das ofrendas e o corredor que servía de cámara mortuoria aínda permanecían tal cal eles os deixaran, se exceptuamos a capa de terra e pedras que os fora cubrindo co paso do tempo. E alí seguían as misteriosas liñas onduladas, gravadas nas pedras había milleiros de anos, unhas marcas fascinantes que percorrín cos meus dedos unha e outra vez.

A escavación acabou por dar os seus froitos, como eu xa sospeitaba. Despois de pasar dous días extraendo toda a terra que se acumulara, cheguei ao que debeu ser o chan orixinal. Algo me dicía que naquel lugar tiña que haber restos de interese, e axiña se viron confirmadas as miñas intuicións. Baixo o chan do corredor atopei o enxoval máis completo que nunca vira: un machado de seixo, prismas de cristal de rocha, dous ciceis, sete puntas de frecha, diversas láminas de sílex... E ao final, protexido por un círculo de pequenas laxes que formaban como unha mámoa en miniatura, atopei a peza pola que toleraría calquera arqueólogo: tres anacos de sílex de forma cilíndrica, duns 25 centímetros de lonxitude cada un. Só que non eran tres pezas illadas; se as colocabas na orde correcta, o que se formaba era o corpo dunha serpe, coa cabeza no extremo dunha delas e a cola cónica no final da terceira. Unha cobra de tres pezas, a proba irrecusable de que o culto das serpes tivera no noso país un lugar sobranceiro durante a etapa megalítica.

3

A serpe de pedra e mais os outros achados da escavación foron parar a unha nova vitrina da





sección de arqueoloxía do Museo. A descuberta era importante e axiña transcendeu ao gran público. *El Progreso* dedicoulle unha ampla reportaxe e outros periódicos peninsulares e europeos recolleron a noticia. Mesmo unha revista de divulgación científica de gran tiraxe aproveitou o feito para artellar un número especial sobre o culto ás serpes ao longo da historia. Case todo o que poñía carecía de rigor científico, pero contribuíu a que, nas semanas seguintes, as visitas ao Museo se incrementasen de xeito considerable.

Quizais o rebumbio daqueles primeiros días foi a causa de que tardase en decatarme do estraño comportamento dalgúns dos visitantes. Eran persoas que viñan case a diario, e pasaban longo tempo paradas fronte á vitrina onde se gardaba a serpe de pedra, nunha actitude reverencial que, se non te fixabas, ben podería pasar inadvertida. Murmuraban coma se falasen soas e facían estraños acenos coas mans. “Parecen vellas das que pasan o día na igrexa”, comentoume nunha ocasión André, o vixilante da sala. Aquelas palabras provocáronme un inesperado desacougo, que entón non souben explicar; desde ese día, tamén eu

comecei a pasar ben tempo nas salas, coma se fose un vixilante máis.

Deste xeito, puiden observar con detalle aquelas persoas. Quen máis me chamou a atención foi unha parella que nos visitaba todas as mañás. El era un home xa maior, elegante e de modos delicados, mentres que a moza que o acompañaba, moi fermosa, non debía ter máis de trinta anos. Ao primeiro pensei que serían pai e filla, pero logo de observalos de vagar deducín que ela debía ser unha secretaria encargada de coidalo e atendela.

Intrigado polo seu comportamento, fixen algunhas pescudas para saber algo máis deles. Lugo é unha cidade pequena, non me foi difícil descubrir que se hospedaban no hotel Méndez Núñez desde mediados de xuño. Procedían de Berlín, ou iso dixeran, e no hotel declararan que quedarían na cidade durante varias semanas. Estrañáronme aquelas noticias, pois non acertaba a imaxinar qué se lles podía perder en Lugo a dúas persoas que vivían tan lonxe, sobre todo se temos en conta que case a única saída que facían a diario era a visita ao Museo.

A rutina daquelas semanas viuse rota polo estraño suceso que aconteceu na noite do 13 de



xullo. Agora sei que había lúa chea, pero daquela nin reparei nese feito. Á mañá seguinte, en canto entrei no Museo, André abordoume todo excitado. Atopábase desconcertado polo que descubrira no seu percorrido rutineiro da primeira hora, e quería que fose eu quen o certificase. Como o que me contaba parecía non ter sentido, insistiu en que subise ao primeiro andar e o comprobase cos meus ollos. Axiña puiden ver que era certo o que me contara. Todas as pezas da vitrina onde gardabamos a serpe de pedra aparecían desordenadas, coma se alguén pasara a man por riba dos estantes e desbaratara a orde en que estaban colocadas. Tan só a serpe aparecía no seu recuncho de sempre, como se ela fose a única que se librara daquela desfeita.

O máis estraño era que a vitrina estaba pechada, sen ningún signo de ser forzada. A cámara de seguridade que hai no corredor non rexistrara ningún movemento anómalo, como comprobamos de seguido. E o vixilante armado que pasa a noite no Museo tampouco non notara nada estraño. Parecía non haber explicación para a desorde que tiñamos diante. ¿Que estraño fenómeno era aquel?

Aquela mañá a parella berlinesa tampouco faltou á cita; chegaron cando André e mais eu estabamos arranxando outra vez o contido da vitrina. Ese día metéronse na sala das alfaias e permaneceron nela todo o tempo, coma se ata daquela non reparasen nunca na colección de torques de ouro que alberga. Pero eu ben notei que non nos quitaban ollo e permanecían moi atentos a todo o que faciamos.

Despois dun tempo, a moza achegouse a min e, nun inglés no que era doado detectar o acento alemán, preguntoume qué pasara coa vitrina. Conteillo sen darlle moitos detalles. Pero para ela deberon ser suficientes, porque se despediu de min ás prásas e correu onda o vello, con quen iniciou unha conversa presidida pola excitación e o nerviosismo. Como falaban en alemán, non fun quen de entender nada do que dicían; pero non me pasaron inadvertidas as continuas olladas reverenciais cara á vitrina.

Nos días seguintes continuaron as visitas da parella, e tamén as doutras persoas que parecían ter un interese enfermizo polos achados da Roza das Modias. Mais tamén acabamos por afacernos a esa rutina, e o paso do tempo fixo que case esquecese aquel incidente inexplica-

ble. Mal podía eu saber que só era o primeiro elo da terrible cadea que se había manifestar nas vindeiras semanas.

4

O 12 de agosto ocorreu un feito aínda máis insólito que o anterior. Esa noite tamén había lúa chea, e quizais a parte non racional do meu cerebro xa intuía algo, porque a penas conseguín pegar ollo: sentíame nervioso, sen saber ben a qué razón atribuílo.

Aínda non deran as oito da mañá cando decidín achegarme ao Museo. O vixilante nocturno abriume con cara de sono, estrañado de verme cando faltaban case dúas horas para abrir. Deille a primeira desculpa que se me ocorreu e, decontado, subín deica as salas do primeiro andar. En canto me acheguei á vitrina onde se expuña a serpe de pedra, axiña vin que algo estraño volvera ocorrer.

Todos os obxectos que gardabamos alí aparecían desordenados como a primeira vez, pero nesta ocasión había algo máis. Nun dos estantes atopei restos de sangue, xa medio seco. E cando liberei a pechadura e puiden acceder ao inte-

rior, agochado dentro da maqueta dunha mámoa, atopei un ratiño encollido como unha bóla, tremendo coma se algo terrible o atemorizase. ¿Sería aquel rato cativo quen o desordenara todo? Semellaba imposible, pero non se podía descartar. Aínda que, se era así, ¿como entrara o animalíño na vitrina? ¿E a quen pertencían aquelas pingas de sangue que manchaban o cristal? Do rato non eran porque, despois dun exame minucioso, puiden comprobar que non tiña ferida ningunha.

Recollín con coidado unha mostra daquel sangue seco, coa intención de enviala a analizar canto antes. Sospeitaba cál podería ser o resultado, pero a miña parte racional negábase a aceptar as grotescas explicacións que me viñan á cabeza. Volvín colocar todas as pezas tal como estaban anteriormente, limpei ben o sangue e liberei o rato no claustro do Museo. Axiña decidín non comentar nada con ninguén. ¿Que ía dicir? Non podía compartir as sospeitas que comezaban a abrirse paso no meu cerebro, cando menos ata que non tivese algunha proba contundente que as avalase.

Aquela mañá agardei inutilmente a chegada da parella alemana. Pero non apareceron polo



Museo, nin eles nin ningún dos outros visitantes que acudían case a diario. Ao día seguinte fun buscar os resultados ao laboratorio onde deixara a mostra de sangue. A análise confirmou as miñas sospeitas: sangue de rato común. Era a evidencia de que aquela noite houbera máis dun rato dentro da vitrina, aínda que nada explicase a súa desaparición.

Tres días máis tarde volveron os visitantes. A todos eles debían sentarlles moi ben os aires de Lugo, en especial ao ancián berlinés, pois aparecían asombrosamente rexuvenecidos. E con eles volveron as paradas prolongadas fronte á vitrina, e as ladaíñas ditas en voz baixa, e os insólitos acenos rituais. Só que agora, como no meu cerebro racional xa se abriran as fendas suficientes para que entrasen algunhas pingas das ominosas teorías que me viñan á cabeza, todos aqueles comportamentos comezaron a ter outro sentido para min.

Á tardiña, cando o Museo se cerraba para os visitantes, eu aínda quedaba algún tempo máis, examinando a serpe de pedra. Collía coas miñas mans aqueles anacos de seixo e notáboas tensos e esvaradíos, se é que eses dous cualificativos se lle poden aplicar a un anaco de pedra pulida. Xa

non vía neles só un valioso resto arqueolóxico; agora sentía tamén unha mestura de repulsión e medo que non sabía explicar.

Por aqueles días comecei a pasar moitas horas diante da pantalla do ordenador, sobre todo despois de ler en *El Progreso* dúas noticias perdidas polas páxinas de sucesos. A primeira falaba dunha invasión de serpes nunha vila do Alentexo portugués; a outra informaba dun suceso semellante nunha vila de Burgos. Non era casualidade, porque na Rede fun descubriendo que non se trataba de sucesos illados, senón que outros semellantes aconteceran en diferentes lugares de Europa. A ninguén se lle ocorrera establecer relación entre aqueles sucesos, pero eu axiña intuín o que había detrás de todos eles.

Aínda tiña moi presentes as investigacións que fixera para a miña tese, e sabía ben que o culto ás serpes era case tan antigo como a mesma humanidade. A serpe asociárase sempre ao culto lunar, adorada como unha deusa ligada á morte e á resurrección. Un ritual que naceu en Oriente e que se debiera implantar na Europa atlántica durante o período megalítico. E tamén en Galicia, como claramente demostraba o achado que eu fixera na Roza das Modias.

Malia que a maioría dos historiadores o supuñan extinguido, este culto debeu pervivir en épocas posteriores, aínda que transformado, como ben testemuña o símbolo da espiral, tan presente na cultura castrexa. E logo, coa chegada do cristianismo, a adoración da serpe sería considerada un culto sacrílego, pasando a ser unha práctica clandestina. Pero quizais nunca desapareceu de todo, senón que seguiu tendo adoradores secretos deica o día de hoxe.

Que isto non eran fantasías froito da miña imaxinación, confirmáronmo os meus achados en Internet. Na Rede atopei algo máis que noticias sobre serpes. Atopei tamén referencias a enigmáticas asociacións, enmascaradas case sempre en páxinas dedicadas ao estudo dos réptiles ou á literatura fantástica. Eran textos e imaxes de aparencia inocente, pero que, á luz de todo o que eu sabía, deixaban adiviñar unha realidade terrible: referencias a templos esquecidos, rituais que incluían sacrificios de sangue, reunións nos bosques en noites de lúa chea... E sempre as reiteradas referencias a unha futura resurrección, asociando a muda de pel da serpe coa promesa dunha nova vida.

O meu abraio maior foi cando, por azar, des-





cubrí unha *web* onde se facía alusión á persoa que presidía a rede de asociacións espalladas por todo o continente. O nome, Wolfgang Sch-müller, non me dicía nada. Pero a súa fotografía, si: malia ser xa algo antiga, era doado recoñecer nela o rostro daquel ancián que se instalara en Lugo había algunhas semanas e que parecía ter no Museo a súa segunda casa.

Aquela descuberta deixoume pasmado. Na miña cabeza agromaban asociacións terribles que non era quen de desbotar. Os meus compañeiros do Museo deron en preguntarme qué me ocorría, pois pasaba as horas como fóra do mundo. Aleguei que me sentía moi canso, pero non lles desvelei ningunha das miñas sospeitas. ¿Que lles ía contar? Non tiña ningunha proba consistente, e non podería soportar que se burlasen de min. Prefería agardar algúns días máis, os necesarios para conseguir as probas que confirmasen as miñas sospeitas.

E falo dalgúns días máis porque dunha cousa estaba seguro: se as miñas sospeitas eran certas, o día 10 de setembro tería que haber unha nova visita nocturna ao Museo, porque esa noite a lúa chea volvería iluminar o ceo. Sería o momento de levar á práctica o meu plan e des-

cubrir, dunha vez por todas, qué había detrás daquelas visitas.

5

Chegou por fin o día 10. Seguindo o plan que preparara ata o máis mínimo detalle, á tardiña oculteime nas dependencias do Museo. Escollera un cuartiño que se emprega como estudio fotográfico, situado na mesma ala onde están as vitri-nas. Durante o día, gardei nel os materiais que necesitaría. Ás oito da tarde despedinme da xente que quedaba dentro do Museo e fixen como que marchaba. Pero, en realidade, agocheime no cuar-to e dispúxenme a agardar a chegada da noite.

Ás dez, o vixilante nocturno chegou para substituír ao seu compañeiro de día. Un pouco des-pois, á luz dunha lanterna, comín os bocadillos e a froita que levara para cear. E seguí agardando, en silencio. O reloxo da catedral marcaba o paso das horas, mais nada estraño sucedía.

Nalgún momento debín quedar durmido, porque me espertou o ruído dunha porta que se abría nunha das salas próximas. As cámaras tam-pouco detectarían nada desta vez, pois a persoa intrusa, quenquera que fose, empregara o

mesmo recurso ca min e xa levaba horas dentro do edificio. Saín do cuarto onde me escondera e coloqeime nun dos ángulos do corredor, desde o que podía ver ben todo o espazo das vitrinas.

Ao pouco, unha figura humana achegouse ao expositor que gardaba a serpe. Aínda que só estaban acesas as cativas luces de seguridade, a clarezza do luar iluminaba o suficiente para decatarse de que aquela persoa era unha muller nova, a sempiterna acompañante de Wolfgang Sch Müller. Achegouse á vitrina e abriuna, xirándoa un pouco para poder acceder ao interior. Ao tempo que o facía, recitaba en voz baixa a mesma estraña salmodia que xa lle escoitara outras veces.

Aos meus oídos chegou un ruído que me xeou o sangue. Era como unha intensa vibración, e procedía do interior da vitrina. A muller sacou entón unha caixa dunha bolsa que deixara no chan e baleirou o seu contido dentro da urna. Os agudos chíos de espanto e as carreiras apagadas fixéronme adiviñar axiña cál era o contido daquela caixa.

Foi daquela cando decidín intervir. Prendín a lanterna e corrín cara á muller, mentres lle berraba que se detivese. Puiden ver a súa cara de susto, non agardaba a miña aparición. Pero eu tampou-

co agardaba o golpe que recibín por detrás, cun obxecto moi duro que só chegou a rozarme na caluga e acabou impactando no meu ombro.

Caín ao chan, atordado, aínda que non cheguei a perder o sentido. Puiden ver un home, sen dúbida o que me golpeará, que estaba agora a carón da moza. Despois dunha conversa ansiosa, da que nada entendín, os dous volveron arrimar a vitrina e fuxiron escaleiras abaixo. Eu funme arrastrando como puiden. Cando me atopei fronte á vitrina, enfoqueina coa lanterna para ver o que botaran no interior.

Quizais non debín facelo, quizais fose mellor que o home me atinase ben na caluga e perdesse o sentido durante horas. Porque o que puiden ver deixoume xeado o sangue e abriume a porta dos abismos de espanto nos que desde aquela estou metido. Alí, entre as pezas de sílex e as ferramentas de seixo que os humanos fixeran había miles de anos, unha grosa serpe que ben tería os dous metros de longo devoraba, un detrás doutro, os ratiños que corrían asustados, nun intento inútil de fuxir da voracidade daquel ofidio.

A luz que eu mantiña en alto fixo que a serpe, tras devorar o rato derradeiro, volvese a súa cabeza cara a min. Achegouse á parede de



vidro, enroscou o corpo en espiral e logo ergueuse desafiante. Abriu a enorme boca e puiden verlle os pezoñosos cairos e a ameazadora lingua bífida. E reparei especialmente na súa ollada cargada de maldade, unha ollada na que lin con claridade a mensaxe que me transmitía: que me vía ben, que sabía quén era, que non se esquecería de min.

Xeóuseme o sangue e o meu corpo ficou alagado polo espanto. Non só pola visión daquel animal, senón por todo o que significaba a súa presenza alí. Aquela tiña que ser a Deusa Serpe, a mesma que, como indicaban os textos blasfemos que atopara na Rede, volvería un día á vida para instaurar outra vez o seu reino sobre a terra, unha terra que os réptiles xa dominaran antes de que os primeiros mamíferos a habitasen. E, polo que acababa de comprobar, había seres humanos axudándolles a conseguir que esa dominación fose total.

Pero aínda me quedaba por experimentar un espanto maior. Como a vitrina quedara mal cerrada, a serpe comezou a deslizarse polo oco aberto entre o cristal e a parede e acabou por abandonar o espacio do expositor. Foi entón cando botei a correr e, mareado polo golpe que

levara, caín escaleiras abaixo e acabei tirado no duro chan de pedra.

Espertei cando xa amencía. Ao primeiro non fun consciente de onde estaba, pero axiña lembrei as experiencias de pola noite. Non sei de onde saquei as forzas, mais o certo é que volví subir ao primeiro andar, coa cega esperanza de que as miñas lembranzas non fosen máis que un pesadelo.

Fun percorrendo aquel espazo silencioso. A vitrina permanecía aberta, con todas as pezas en total desorde. No chan seguía a caixa de cartón que a muller abandonara na fuxida. Uns metros máis adiante, estaba tirado o ídolo de pedra que usaran para golpear-me.

Naquel momento, malia tantas evidencias, quixen crer que eran fantasías miñas, seguro que había unha explicación para cada feito. Pero todas as miñas ilusións se esfarelaron cando, a carón da estatua de San Francisco, atopei no vestíbulo unha longa muda verde, esa pel vella que as cobras abandonan cando medran e renacen, maiores e máis fortes, cunha nova pel. ¡Aquela era a confirmación de que a Deusa Serpe resucitara por fin! Abandonara o corpo de pedra no que permanecera prisioneira

durante máis de cinco mil anos e encarnara de novo no ofidio poderoso de outrora, disposta a recuperar o reino que un día fora seu.

6

Cando espertei atopeime deitado na cama, nun cuarto da Clínica Polusa. Fora o vixilante nocturno quen chamara ao servizo de Urxencias, despois de atoparme fóra de min, golpeando coma un tolo a porta de saída. O home estaba botando unha cabezada na súa oficina e foran os meus berros os que o fixeran espertar. Segundo a súa declaración, non escoitara nada raro en toda a noite e a tranquilidade do Museo só se vira alterada polo escándalo que eu montara, xa de madrugada.

Todo isto sóubeno polo que me contaron a directora do Museo e mais os meus compañeiros, que viñeron visitarme aquela mesma tarde. Como tiñan interese en saber qué me ocorrera, expliqueilles canto sabía. Agora tiña a pel que a serpe deixara trala súa muda, era a proba definitiva para que me cresen.

Faleilles do culto ás serpes, implantado en Galicia durante a etapa megalítica. Expliquei-

lles que a serpe de pedra que eu atopara na Roza das Modias era, en realidade, a Serpe Deusa, petrificada quén sabe por que escuro feitizo. Faleilles logo das estrañas visitas ao Museo, dos inexplicables sucesos das noites de lúa chea, das miñas pescudas en Internet... E relateilles polo miúdo todo o que experimentara na noite terrible que acababa de pasar.

Cando acabei, todos quedaron en silencio. Nos seus ollos había unha mirada distinta, unha ollada na que era doado detectar a incredulidade. Despois falaron do golpe tan tremendo que levara na cabeza e da necesidade de facerme probas neurolóxicas. A directora suxeriu que debía pedir unha baixa temporal; traballara moito nos últimos tempos, todo o Museo me estaba moi recoñecido, pero era conveniente que repousase durante unha boa tempada.

Como vivo só e os médicos indicaron que precisaba de coidados específicos, trouxéronme á clínica San Xosé, o lugar onde agora estou. Aquí curarei da miña doenza, aseguráronme ao entrar. Deben pensar que son parvo, calquera ve que este é un sanatorio para enfermos mentais. Non teño queixa dos doutores que me atenden, pero sei ben que nunca me van crer.



Ao primeiro conteilles todo o que me ocorrera, así como os detalles que probaban a veracidade do meu relato. Pero axiña comprendín que era inútil. Estounos imaxinando nas súas reunións, mentres rin da Deusa Serpe e da súa clandestina cohorte de adoradores. ¡Pobres! Non saben do perigo que corremos, nin tan sequera intúen o alcance da maldición que acabará por destruírnos a todos.

Eu serei o primeiro, pois esta noite a Deusa virá por min. Sabe que eu sei, e agora tamén sabe ónde estou, non hai nada que escape á súa ollada. Onte foi día de visita e, mentres paseaba sen rumbo polo parque, vin a parella alemana que tanto frecuentaba o Museo, aínda que a el non era doado recoñecelo, visto o ostensible rexuvenecemento que experimentara. Cando as nosas olladas se cruzaron, os dous sorriron e dirixíronse de contado á porta de saída. Xa estou condenado; serei a primeira vítima, o sacrificio de sangue que inauguraré a terrible matanza.

Agora, mentres escribo estas palabras derradeiras, a lúa chea asoma polo horizonte. Enorme, luminosa, enigmática... ¿Que ruído é ese? Ata os meus oídos chega un roce ominoso e xordo, hai algo que repta ansioso polas baldosas do corredor.

A porta do meu cuarto está pechada, pero de pouco valerá ante un poder ao que os humanos non podemos opoñernos. Seino e acepto o meu castigo, eu son o culpable de que a serpe de pedra non continuase soterrada na Roza das Modias deica a fin dos tempos. Son o culpable de volvela á vida e debo pagar por iso. Pero se alguén le este escrito tras atopar o que quede de min, pídolle que non o tome coma os desvaríos dun tolo, senón como a confesión dunha realidade atroz. Só hai unha cativa posibilidade de deter a Deusa Serpe, e alguén debe intentala antes de que sexa demasiado tarde. Alguén debe volver á Roza das Modias e arrasar con todo o que alí hai, destruír o niño onde naceu tanta maldición, facer que o lume purificador acabe con calquera vestixio de vida. Quizais así se consiga que remate este pesadelo e que a Deusa Serpe, privada da forza maligna que a sostén, volva outra vez á súa forma de pedra e permaneza aprisionada nela deica a fin dos tempos.

Un páxaro posible


Autor:

Paco Martín

Ilustracións:

Xoán M. Balboa





Amparo ergue unha miga a cabeza e a súa ollada vai dar no calendario de vivas cores que está pendurado na parede que ten de fronte. Por baixo das fotografías e logotipos da casa editora a folla correspondente ao mes de Febreiro preséntaselle chea de sinais, indicacións, debuxos e notas manuscritas, todas elas obra de Daniel con quen comparte o local do departamento. El dá clases de música e ela de debuxo. Daniel, pensa Amparo, esfórzase moito en ser organizado e levar as cousas con orde pero non logra vencer de todo o seu natural godallo e despistado. A rapaza sorrí para ela mentres se fixa en que o número correspondente ao día vintedous está rodeado cunha grosa liña vermella e iso esperta a súa curiosidade. Cavila durante algún tempo por se sabe qué cousa importante pode indicar aquilo, pero desiste sen poñer demasiado interese.

Está a revisar os exercicios que algúns dos seus alumnos fixeran o venres pasado durante a visita ao Museo. Non é tarefa lixeira a de corrixir esta clase de traballos. Amparo, que sempre soñou con ser unha boa pintora, con estilo e personalidade propios e que confía en non tardar demasiado en que así se lle recoñeza, non gusta nada



de coutar a capacidade creadora dos rapaces e non sabe moi ben cal han ser os criterios que debe seguir á hora de avaliar o seu labor.

Ten na man un debuxo de trazo sinxelo pero seguro e hai algo nel que lle chama especialmente a atención. Representa, porque ese era o tema obrigado do exercicio, o claustro que fora do convento de San Francisco, agora integrado no Museo Provincial de Lugo, visto dende un dos seus catro recantos. Susana Lamelo Santos, número 14, 1º de B.A.C., grupo B, pon no espazo reservado para a identificación. Pecha Amparo os ollos para mellor evocar o lugar e mais o momento e sorrí outra vez cando volve a vista ao debuxo. Pousado no máis alto do arco de ferro que terma da roldana do pozo que hai no medio do claustro a autora colocou un paxaro de curiosa feitura. En realidade un escorzo sinxelo e pouco definido. Revisa a muller outros traballos e abala a cabeza. En ningún deles aparece nada semellante nin ela ten memoria de que en ningún momento dos da súa estadía no lugar baixase unha ave a se pousar alí.

Un intento gracioso de se significar, pensa, ou unha fantasía que lle veu de repente a Susa-

na e da que quixo deixar constancia gráfica. Xa se sabe que non é cousa de andarlles coutando a imaxinación aos rapaces, pero algo hai de estraño naquel paxaro que obriga a fixarse nel moito máis ca no resto do debuxo. Mesmo, parándose con atención na postura que adopta riba do ferro e mais no deseño co que a rapaza a expón, podería parecer desproporcionado e pouco crible producindo, ao mesmo tempo, unha rara sensación de estilo, feitura e mesmo materia alleos de todo ao resto do que alí hai, como se se producise unha ruptura que, sen ser violenta, chegase a mudar en por ela a orde lóxica daquela mañá de venres naquel sitio concreto e orixinar unha mestura de esencias diferentes e o que debera ser unha delicada presa de palpitantes plumas viñese dar, sen perder vida por iso, nunha figura case plana, como de deseño téxtil, máis matizada na súa parte anterior e voluntariamente descoidada no trazo segundo este se vai achegando ao que debera ser a cola da ave.

Separa a mestra a lámina e vaina colocar no pequeno atril de madeira que ten riba do taboleiro da mesa e no que soe situar libros, fotografías ou gravados que lle poidan servir

de modelo, mentres vai ollando, a modo e dun xeito case mecánico, o resto das láminas debuxadas. E volve aparecer o paxaro. Diego Carreira Vila, número 5, 1º B.A.C., Grupo A. Amparo perde o sorriso e, aínda que ela non se decata, vaino mudando por un xesto de certa preocupación. O paxaro debuxado por Diego, que tamén está pousado no cimo do arco metálico do pozo, é idéntico en feitura e posición ao de Susana, aínda que o emprazamento do rapaz para debuxar o claustro tiña que ser, por forza, diferente ao que tivera a moza. Repasa, agora con coidadosa atención, todos os exercicios, trinta e sete en total, e en ningún máis aparece nada que se lle pareza nin de lonxe á ave aquela. Deixa quedar os outros trinta e cinco debuxos nun dos apartados do pequeno armario do que ela dispón e centra a atención toda naqueles dous diferentes aos demais.

E entra Daniel cun fardelo cheo de frutas de plástico branco e unha carpeta da que asoman papeis pautados e outros repletos de notas manuscritas. Pousa todo procurando que non caia nada ao chan mentres saúda atentamente á compañeira.

— Bo día Amparo. ¿Como che foi cos fríos de onte? Desculpa que interrompa o teu traballo... Estes de terceiro son, ben o sabes ti, o demo maior e nunca teñen as cousas ben ordenadas. Nin eu tampouco...

Amparo volve sorrir.

— Bo día, Daniel. Pasei ben o do frío de onte. Espero que ti tamén. Non te preocupes e deixa quedar as cousas onde mellor che cadre. Os de terceiro, tes toda a razón, son o demo maior..

Ollan un para o outro e dálles a risa ás gargalladas. O home acaba de colocar, máis ou menos ben, os seus trebellos e atende, curioso, aos debuxos que Amparo ten riba da mesa.

— ¿E isto?

— Traballos dos que fixemos venres no museo. ¿Que che parecen?

— ¿Soamente estes dous?

— Si. En realidade son trinta e sete pero estes dous son diferentes e por iso están apartados. Ti non sabes aínda por qué son distintos, pero...

— Por esta especie de paxaro que teñen debuxado aquí...

Tropezan as olladas e Daniel nota algo na de Amparo que o fai poñer medio rubio e tamén amosar un ademán de certa fachenda. Cóntalle a rapaza o que a ela lle chamara a atención mentres traza, sobre un folio en branco e cun lapis delgadiño, un sinxelo pero ben expresivo plano do claustro.

— Coloqueinos en catro grupos, por orde de lista, nos catro cantos do espazo este. Nove alumnos en tres das esquinas e dez na cuarta. A Diego correspondeulle o primeiro grupo, porque é o número 5 de primeiro A, e estaba neste lugar –e sinalaba sobre o plano o recanto do sudoeste– como é claramente perceptible no seu debuxo onde aparece algo do que fora a entrada da antiga sala capitular. A Susana tocoulle estar xusto no ángulo contrario. No debuxo dela, ben o ves, aparece no fondo e contra o ceo a torre da igrexa...

— E a ave esta, que dá a sensación de non ser certa como ser vivo e da que soamente a cabeza e a parte anterior do corpo responden a algo semellante a un antigo deseño artesán, aparece en igual postura en ambos os dous debuxos, como se estivese tomada desde a mesma posición. ¿E el non será un xogo dos dous rapaces?





Algo no que están de acordo, coma un sinal de identidade, unha marca de grupo...

Amparo cre que pode estar a esquecer as súas obrigas e que forza a Daniel a que faga o mesmo. Deberan, amobos os dous, dedicarse a corrixir os exercicios dos seus alumnos e non mandar o tempo en algo que, se cadra, non é outra cousa ca o divertimento de dous adolescentes.

— Sei no que pensas –di o home– porque tamén eu ando a sentir algo ao que alguén podería chamar remorsos, como se faltase ao meu deber... O que pasa é que, se isto non é máis ca un xogo de rapaces, nós tamén estamos dentro del: ti porque eles quixeron que entrases e eu porque o quixeches ti. Se se trata doutra cousa, pois moi ben... Agora, no recreo, eu farei por me encontrar con Susana e ti procura falar con Diego. É importante que el non saiba que eu falo con ela e que ela non saiba que ti falas con el. Comentaremos o do debuxo coma se nós cresemos que cada un deles fose o único en pintar o paxaro.

E así se fixo. Ao acabar o recreo, e xa na porta de entrada, Daniel chégase a Amparo para lle dicir:

— Agarda por min á saída.

Rematan as clases da mañá, que os martes hai tamén traballo de tarde para algúns dos profesores entre os que están Amparo e mais Daniel. Varios dos que han volver despois ao labor aproveitan para xantaren xuntos nun pequeno mesón, limpo e familiar, que está a pouca distancia do Instituto.

— O rapaz, estou segura, non sabe nada de que no debuxo de Susana apareza o mesmo paxaro que no seu. Non é quen de explicar con claridade por qué o puxo el alí... Creo que non o debeu pensar moito cando decidiu facelo. Está convencido de que houbo algo na visita que fixemos a tres ou catro salas do museo antes de ir debuxar o claustro que foi o que o levou a facer o que fixo. Non se estrañou pola miña pregunta e era como se xa agardara algo semellante...

Fala Amparo mentres camiña e dos cinco que van xuntos soamente Daniel sabe a que se está a referir.

— Pois igual pasa con Susana. Lembra perfectamente cando debuxou o paxaro, sabe que o fixo moito de gana e que, sen coñecer as razóns, estaba convencida de que o debía colocar alí... Non pode dicir con seguridade de

onde sacou o modelo pero tamén cre que o viu en algures, probablemente dentro do museo...

E houbo que lles explicar aos outros tres compañeiros, Lucía, Sabela e Pancho, de que ía a historia aquela, mais a verdade é que eles non pareceron quedar moi interesados de maneira que non se volveu tratar o tema mentres durou o xantar e maila sobremesa.

Amparo e Daniel marcharon unha miga antes de que o fixeran os demais, foron comprobar no taboleiro dos horarios con quen lles tocaba aos dous rapaces na segunda hora, na que ningún deles tiñan clase, e sorriron ao comprobar que era Educación Física, disciplina para a que se decidira xuntar aos grupos A e B.

— Xa falo eu con Milucha. Direille que nos deixe vir primeiro ao rapaz e despois a ela... Terei que llo contar todo, ben sabes o curiosa que é. Ti agarda no departamento.

Daniel pensou que sería boa idea ocupar a clase que agora tiña cos de terceiro escoitando algunhas gravacións. El ben sabía o tipo de música que os mantiña atentos e os momentos máis oportunos para introducir, ou provocar, comentarios e discusións. Non acababa de com-

prender as verdadeiras razóns daquel seu interese polo descubrimento de Amparo, pero a realidade era que nin aqueles sons que tanto amaba conseguían sacarllo do pensamento nin diminuír a impaciencia coa que agardaba o remate da clase.

Cando soou o timbre, pediu a un dos rapaces que o axudase a carretar os discos e mailo reprodutor ata o local do departamento, deu as grazas ao acompañante, gardou dentro dun caixón o debuxo de Susana deixando no atril o do seu compañeiro, sentou pensando nas entrevistas que agardaba e notou que andaba ledado e mesmo unha miga nervioso. Supuña que non se trataba de nada transcendente, pero algo había en todo aquilo que parecía atinxirlle a el directamente e que o mantiña nese estado e que era agradable e esperanzador.

Oíu chegar a Amparo, que viña falando con Diego, e foi facer coma se estivese argallando algo das súas cousas para que os que viñan non notaran nada do interese que tiña. Petaron, educadamente, na porta antes de entrar. Acomodáronse os tres e o rapaz estaba atento ao seu debuxo. A profesora avisou, en ton calmo e afectuoso:



— Non é máis ca curiosidade... Xa verás despois como tamén ti acabarás moi interesado na historia esta do paxaro que está pousado no ferro do pozo...

— Xa dixen que non estou nada seguro de por qué o puxen aí. E agora que o vexo, tampouco non entendo moi ben a súa feitura... Non acordo de debuxar nunca un paxaro con estas trazas...

— ¿Víchelo cando se pousou?

Nega Diego, movendo moi a modo cabeza.

— ¿Sabes que non aparece nos debuxos dos outros alumnos que estaban canda ti?

Non pareceu que o rapaz se estrañase demasiado. Daniel, que devecía por facelo, aproveita para intervir.

— ¿Lembras onde estabas situado para debuxar o claustro?

— É curioso que ninguén máis... Si, estabamos xuntos oito ou nove, cabo da porta que está máis preto da entrada do museo...

— De todos os exercicios dese grupo, xa cho dixo Amparo, soamente aquí aparece a ave esta. Fíxate ben, ten o bico mirando para a dereita. Se alguén estivese xusto no recanto

que está de fronte do que ti ocupabas e vira tamén o paxaro, ¿cara a onde tería este a cabeza no seu debuxo?

Cavilou unha miga o rapaz.

— Ollaría, naturalmente, cara o lado esquerdo de quen debuxase... Agora estou a acordar algo, non sei ben o qué... Se cadra na aldea, na casa da miña bisavoa... Un pano grande, ou unha touca con estampados... Digo da miña bisavoa porque aínda non hai cinco anos que morreu e eu coñecina ben, pasei vacacións na súa casa... e tiña a pel da cara toda engurrada, e as mans... Non sei que pasaba coas mans...

— ¿Desde o lugar no que ti estabas no claustro podías ver a Susana Lamelo, do grupo B.?

Amparo tivo a sensación de que as meixelas do rapaz tomaban un lixeiro ton arrubiado mentres baixaba os ollos antes de contestar.

— Si... Estaba xusto na esquina contraria á miña...

A muller pediu a Daniel que collera o debuxo da rapaza e este foino buscar ao caixón no que o gardara. Colocouno ao par do outro e, mentres os comparaba, na boca de Diego ía aparecendo un sorriso entre ledo e responsable

que lle enchía o rostro todo. Os seus ollos brillantes parecían atender a algo que se gardaba moito máis aló do que no papel se vía. Amparo e mais Daniel tamén atendían aos gravados e, cando ollaban un para o outro, era coma se descubrísen cousas das que antes non sabían.

— É certo que son iguais e que están na mesma postura... ¿Podería ser que na casa da bisavoa de Susana houbo un pano igual ao que había na casa da miña?

O rapaz daba á cabeza e falaba coma se non houbo alí ninguén máis.

— Non é probable. Debino ver noutro sitio e despois asocialo co que recordo daquel tempo. O da pel engurrada... e o das mans, iso é o que máis...

Pregunta Amparo:

— ¿Que pasa coas mans? Xa antes dixeches non sei o qué...

— Non o entendo aínda ben..., sería como se andasen en por elas, ceibes de brazos e corpo, encorcilladas unha na outra...

Petan á porta e, despois de obter o correspondente permiso, entra Susana.



— Mandoume Milucha...

Mira para os debuxos expostos riba do taboleiro da mesa e vírase cara a Diego. Póñense rubios os dous.

A mestra coloca, moi a modo, a súa man dereita riba do ombro da nena.

— ¿Que lembrás deste paxaro? ¿Estaba poucado nese ferro cando fixeches o debuxo?

— O lóxico sería que si... Este non parece ser un paxaro dos que chían, fan niños e poñen neles os seus ovos, pero eu, estou segura, non o inventei así...

— ¿Nin o copiaches do que fixo Diego nin el copiou polo teu?

— Claro que non... No claustro estabamos en grupos diferentes. O del púxose onde a porta esa que dá á entrada do museo e o meu quedara xusto na esquina contraria.

Daniel colle outra vez os papeis e revísaos con moita atención.

— En ningún dos outros traballos aparece isto e, como podedes ver, tampouco ningunha outra cousa coincide nos vosos exercicios. Diego fala dunha touca ou un pano que igual

vira na casa da súa bisavoa, pero non está seguro do sitio... Tamén dunhas mans.

— Unha persoa maior... Unha muller coa pel da cara engurrada e os ollos postos nun lonxe tristemente cativo..., pero non sei se as mans son as dela. Un pano, pobre, con debuxos...

A rapaza fala como se relatase algo que está a ver outra persoa e o rapaz atende para ela con xesto de profunda concentración.

— Estou pensando no que dixo Susana dos ollos desa muller vella. Non sei se fago ben contando isto pero a miña nai sempre me di que as cousas que son bonitas e non fan mal a ninguén non hai ningunha razón para non compartilas cos que o merecen...

Tremíalle a voz a Diego e víase que andaba algo azorado, pero tamén estaba ben claro o seu desexo de contar verdade e a súa disposición a facelo. Calou unha miga para que se desfixese o nó que lle atoaba a gorxa, ollou para a nena coa expresión de quen está a pedir permiso para implicala na confianza e seguiu a falar, convencido:

— Antes de nos poñer a debuxar no claustro visitamos algunhas salas das do museo... de pin-

tura e gravado. Daquela iamos todos xuntos. E había un cadro, o retrato ao óleo dunha muller maior, do que non sabería dicir o autor nin o lugar onde está exposto, e diante del paramos algúns de nós. A ollada daquela muller, tan chea de resignación, tan sen horizonte, tan conforme con calquera cousa que lle puidese pasar, impresionoume moitísimo...

Susana ten as meixelas acesas e os ollos baixos pero brillantes.

— Tamén a min...

— Non é que a muller dea pena, que non a dá... Parece como se xa nacesse coa conformidade que o pintor tan ben soubo reflectir no retrato, pero o certo é que doe coñecerlle esa falla de esperanza e mesmo chegas a pensar que nada mudou na súa vida desde que ela era nova... Eu estaba a me rebelar contra a actitude aquela, quería convencerme de que sempre hai algo mellor para o que mirar, e quería tamén que alguén máis soubese dos meus sentimentos... Por iso, creo, fun coller a man de Susana...

Fíxose un silencio longo e os catro atendían aos debuxos mentres pensaban.

Repenicou, estridente, o timbre que avisaba

da hora e houbo neles coma un arrepío de sobresalto. Agradeceu Susana o balbordo polo que lle servira para distraer a atención sobre o de andar a collerse da man. E así falou con presas:

— Despois marchamos ao claustro e eu estiven todo o tempo pensando no cadro aquel, mesmo ao debuxar o que Amparo me mandara. E creo agora que o paxaro estaba na pintura e que acababas fixándote nel porque era o único que alí podía significar unha miguiña de liberdade, un sinal sinxeliño e pouco desenvolvido de que sempre debe haber algo do que está por chegar que merece que agardemos por el... Unha ilusión que mantén agachadas as alas, pero que ti ben sabes que están aí... Forma parte da decoración da touca coa que se cobre a muller. Non chega a ser un paxaro, non é outra cousa máis ca un aviso de que os paxaros son posibles...

— E nós soubémolo sen ter que o falar... E tamén que o arco de ferro do pozo que hai no claustro do museo é un magnífico lugar desde o que emprender viaxe...

Está a se facer tarde para os rapaces que, despois de lle botar unha última ollada aos debuxos, preguntan se poden marchar.

— Un momento, tamén dixestes cousas dunhas mans...

— É curioso. Teño a sensación de que as mans son da muller pero están noutro cadro... Agora debemos marchar, de seguro que xa agardan por min...

— De acordo, pero se eu quixera ver a pintura esa, ¿onde a debo buscar?

Ri Susana:

— Agora lembro que o pintor nacera en Ourense e vivira en Lugo no século dezanove, que ten unha sala para a súa obra, que nela hai, polo menos, tres retratos desa muller...

Marchan a correr e Amparo non sabe se chegan a escoitar a frase de agradecemento coa que os despide.

Daniel anda a gardar cousas nos caixóns e parece sufrir dunha imprevista catarreira porque tuse unha chea de veces antes de atreverse a dicir:

— Se apuramos unha miga podemos chegar ao museo con tempo abondo para localizar esa pintura...

— Paréceme ben. Recollo todo de contado e imos aló. Debo confesar que teño un especial

interese en comprobar algunhas cousas das que falaron os rapaces...

O home queda algo atrás, pechando a porta, e ten que apurar o paso polo corredor para se colocar ao par da muller. Volve tusir e fala, repartindo a ollada entre a carteira de Amparo e as baldosas do chan.

— Despois, se cadra, ao saírmos do museo..., se che parece ben e se non tes outro compromiso, podíamos..., ti e mais eu, irmos xuntos dar unha volta e tomar algo...

Ela fai por agachar o sorriso que loita por rebentar e asinte coa cabeza.

— Paréceme ben...

Atopan algúns compañeiros e cruzan con eles frases comúns ata se veren sós outra vez camiño do museo.

Daniel sente que está feliz e valente:

— Eses dous rapaces non saben o moi agradecido que lles estou... Con qué naturalidade souberon vivir o que a min tanto traballo me leva... Daremos, xa o verás, co paxaro e despois, xuntos no claustro, verémolo emprender o voo desde o arco de ferro que hai no pozo... ¡Tiña tantos desexos de che dicir estas cousas!

Eles, Susana e Diego, déronme hoxe un bo empurrón, iso é certo, pero eu xa estaba decidido... Mesmo me impuxera unha data da que non quería pasar...

Amparo ri agora abertamente.

— Xa o sabía: o vinte e dous deste mes...

Un trasno do museo na tour de Francia


Autor:

Xosé Miranda

Ilustracións:

Alejandro Carro





O erudito e parapsicólogo bretón Yann le Kubbic (1959-2041), na súa tan estraña coma reputada obra “Èvénements singuliers dans le Tour. La course mystérieuse”, datada no ano 1991 e editada por única vez en galego en 1999 por Edicións Xerais de Galicia, moi ben traducida por un anónimo A. R. C., co atinado título de “A carreira misteriosa”, e magnificamente prologada por D. Andrés Torres Queiruga (quen reflexiona en breves páxinas sobre a existencia dos demos como entes físicos ou, pola contra, meramente simbólicos, no senso arquetípico e inconsciente que nos ensina Jung), dá estupendas e gorentosas noticias e detense a saborear abondosas curiosidades sobre a tribo dos trasnos ciclómanos.

O libro deste autor mereceu unha reseña crítica, asinada por X. Pont Duchamp, no segundo volume dos Cahiers Galiciens-Kaieroù Galizek, revista do Centre d’Études Galiciennes da Université Rennes 2-Haute-Bretagne, coordinada por Belén Martín, e un extenso comentario de A. Fernández Paz na Revista Galega do Ensino.

Precisamente por iso é máis chamativo que, pasado xa un século, non houbese ningunha

reedición en galego deste opúsculo, e é chamativo non pola evidente calidade literaria das extravagancias do autor, quen pretende que foron os trasnos (ou os *korrigans*) os que axudaron a gañar a proba a Bernard Hinault en cinco ocasións, senón porque nel aparece unha impagable referencia ao museo de Lugo.

Efectivamente, Yannig le Kubbic, autor nativo de Dinan, no Bro Saint-Malw, ou País de san Maló, afirma, con abondosas anécdotas e reiteradas preguntas sobre aspectos concretos de cada etapa (tan concretos coma pouco claros), que unha tribo de trasnos paisanos seus controlou durante máis dunha década o Tour de Francia, favorecendo indiscriminadamente aos corredores celtas e prexudicando aos outros, especialmente aos italianos, aos franceses e aos xermanos. Así, segundo o autor, inzaban de chinchetas ou cristais as estradas cando ía escapado un italiano; visitaban ao francés Laurent Fignon polas noites para sentar sobre o seu peito e, colléndolle as orellas como se fosen o guiador da bicicleta, pedalar sobre el, provocárenlle pesadelos e esgotalo; desinflaban as rodas dos holandeses; cambiaban os sinais de tráfico de lugar, por despistar ou por incomodar; atormen-

taban aos gatos ata que, entolecidos, choutaban diante do pelotón, deixándose atropelar e provocando unha caída masiva (nestas caídas nunca se vían afectados os protexidos dos *korrigans*); trocábanse eles mesmos en gatos negros que, aparentemente indiferentes, tropezaban “por casualidade” cos supersticiosos deportistas; mexaban nas botellas de aprovisionamento de auga; empuxaban as bicicletas ao pasaren estas a rentes das gabias; roubaban os raios das rodas; facían saltar o piñón; atrancaban o cambio xusto para que o norteamericano Hampsten non puidese meter un menor desenvolvemento; cagaban no xantar dos ciclistas; armaban tal barullo no hotel que non se podía durmir en toda a noite; transformábanse nunha inmensa man que agarraba polas costas ao ciclista nada máis subirse na bicicleta, impedíndolle avanzar, etc.

O autor refire, ademais, moitos outros poltergeists en relación co Tour de Francia nas décadas de 1970 e 1980, non atribuíbles aos trasnos, talvez, ou talvez si, pois el mesmo sinala a súa increíble capacidade de metamorfose. Ciclistas evanescentes, pelotóns pantasma, *corpos abertos*, paxaras atribuídas ao meigallo, cambios de tempo repentinos, hoteis ruidosos e



estradas despoboadas constitúen un convincente mostrario no que os casos máis rechamantes e arrepiantes son os que seguen:

— Nunha contrarreloxo no ano 1988 os ciclistas viron perfectamente como Carlo Bertini, líder do equipo italiano Seviola, tomaba a saída na súa quenda e conseguía unha media estimable nos primeiros quilómetros. Carlo Bertini, sen embargo, sufrira unha caída o día anterior e xa non participaba na proba. Increí-dulo, viu pola televisión como o seu dobre progresaba sobre a bicicleta, tal como se se estivese vendo a si mesmo. Non se viu el só, viuno toda Europa. Antes de entrar en meta, o sosias desapareceu.

— O corredor suízo Rottmann perdeu contacto co pelotón subindo a Alpe d`Huez e as motocicletas e os coches, ata os do seu propio equipo, deixaron de ter interese por el e abandonárono. Pero Rottmann conseguiu remontar e acadou o pelotón, algo estrañado porque á cola non se vían os coches dos equipos, nin tampouco espectador ningún para animalos. Tamén se aglaiou un tanto pola cor das camisetas pero, decidido, despois de chupar roda uns intres, pasou aos últimos e meteuse no medio do grupo.

Daquela comprobou, aterrado, que as caras que o ollaban eran as macias e descarnadas caras dos cadáveres e que o pelotón era o pelotón dos Anaon, os mortos errantes. Nun momento final viu que o corredor de cabeza xiraba a caveira 360° e, ao xirar, ollábao sen ollos. Rottmann esmaiolou e foi atopado na gabia varias horas despois, a máis de 60 Km de distancia da estrada pola que discorría a etapa. Deixou o ciclismo e meteuse monxe trapense.

— No ano 1990, na subida a Mont Ventoux, os corredores afirmaron que os cinco quilómetros primeiros se subían sen esforzo, pois a montaña tiraba deles, ou das bicicletas, cara a arriba, e non ao contrario. O galego Xesús Blanco Villar chegou mesmo a se desmontar da bici para ver se esta subía soa. E subía.

— No ano 1989, sempre segundo o bretón, os ciclistas foron repetidamente importunados por unha presenza indefinida, activa sempre no seo do pelotón e nunca claramente delimitada. Etapa tras etapa todos tiveron a sensación de que no grupo sobra algo, había alguén de máis, un corredor que non pertencía a ningún equipo nin era coñecido por ningún. Cando o pelotón se fragmentou, nas primeiras estriba-

cións dos Pirineos, esa presenza estaba ao mesmo tempo en todos os grupiños. Os que ían en cabeza crían levar a roda alguén que non colaboraba. Waclaw, que foi moitos quilómetros fugado en solitario, coidaba levar un compañeiro de fuga. Ao día seguinte abandonaron 27 corredores, caso récord na historia do Tour.

— Ese mesmo ano os corredores do equipo frances Dumont-Dupont viron no hotel no que aloxaban a Jacques Anquetil en persoa. Anquetil, un ancián moi amable e falangueiro, interesouse vivamente polos pormenores da carreira. Vivamente é moito dicir, porque Anquetil levaba morto desde o ano 1987.

Le Kubbic conta moitas cousas como estas, evidentemente interesantes, pero que neste traballo debemos deixar de lado, para centrarnos na actuación dos trasnos e, entre eles, na dun trasno lucense que andou por alá. Porque o libriño do bretón contén unha entrevista co campión galego Álvaro Pino. Nela di o corredor da existencia dunha familia de trasnos no museo de Lugo. Estes trasnos eran propiamente lucenses, e coñécese que en Recatelo, vello barrio próximo á Muralla, fixeron das súas durante moitos anos. No que daquelas era un



carril, o Carril dos Loureiros, levantábanlles as saias ás mozas ou metíanlles entre as pernas un couceiro, para que pensasen que era outra cousa. A un que viña de Magoi, naqueles anos nos que aínda non se abrira a Porta do Bispo Aguirre, aparecéuselle unha moza fermosísima, medio espida. Era cousa das catro ou cinco da mañá, unha alba de verán, e o mozo púxose a seguir a aquela beldade. Seguiuna polo Carril, por Recatelo e pola Porta de Santiago, e xa pensaba que lle ía ir moi ben con ela, cando lle ollou por primeira vez os pés. ¡Tíñaos de cabra!

— ¡Arrenegado sexa o Demo! -berrou o mozo-¡Xesús María! -e liscou dándolles sebo ás canelas cara á porta da catedral. Din que despois se abrazou a un crucifixo e non quería soltarse.

Nesas trangalladas pasaban o tempo os trasnos ata un día en que lles deu por saltar a verxa ou un muro e deron co xardín dun chalé, do que se apoderaron. Era o chalé de D. Álvaro Gil, e nel gardaba o propietario a súa valiosa colección de torques. Non había cousa que lles gustase máis aos trasnos que xogar coas xoias e probalas, e con elas postas facer palla-sadas, como tal que eran os días de antes, e andaban aínda os señores celtas sobre o

mundo. E o que conseguía poñerse un torque mandaba nos outros, e ordenáballes irse meter cos nenos que brincaban no parque Rosalía, ou botarlle un peido ben sonoro a unha monxa que viña das Josefinas, ou enganar aos que pasaban cunha moeda falsa deitada no chan, que eran tempos de fame.

Un ano Álvaro Gil doou os seus torques ao museo de Lugo, e alí os puxeron nunha sala especial, protexidos por vidros e constantemente vixiados por aparellos electrónicos. Cando viron que había mudanza, os trasnos montaron tamén na furgoneta. O condutor, que os viu polo espello retrovisor, nun descoido, quedou moi sorprendido, pero eles dixéronlle:

—Imos de casa mudada.

Ao principio os trasnos tentaron burlar a máquina que vixiaba os torques e seguir co seu antigo xogo, mais o único foi provocar algúns cortocircuitos e chamoscar as mans e os gorros. Tiveron que desistir e contentarse con inventar novas trasnadas. Un dos trasnos, ao que chamaban Berbenbexo, adoitaba ir tocar as tetas dunha muller núa que hai pintada nun cadro do pintor Antonio Fernández, que as amosa redondiñas e apetitosas, e para colmo facíao diante



do pintor, que está moi natural noutro cadro a carón do primeiro. Como cada cadro está nunha parede, o pintor olla de fronte cada vez que o trasno vai facer das súas. Vese que non lle gustou a cousa, porque unha noite un dos gardas de seguridade do museo que, casualidade ou non, tamén se chamaba Antonio Fernández, sorprendeu ao perello en plena acción. Como era da Fonsagrada non se asustou nin se preocupou demasiado. Volveu da casa cunha saca de grá e tan logo se pechou o museo ciscouna diante do cadro. Seica o trasno botou toda a noite recolléndoa e nin se lle ocorreu volver por alí.

Outra teima que tiña o tal Berbenbexo era mexarlles desde un telladiño que hai traseiro no museo (é o telladiño da cociña e a cheminé) ás parellas que ían alí facer as súas cousas. Atinaba moi ben o condanado, que ás veces as rapazas queixábanse e os rapaces, abrindo a boca para protestar, bebían o que non quixeran.

Desgraciadamente para el, nesa época comezaron unhas interminables obras no museo. Os guías retiraron os cadros, envolveronos en plásticos, atáronos. Todo se encheu de pó e suciedade. Berbenbexo xa non podía tocarlle as tetas á muller do cadro, e nin sequera mexarlles ás

parellas, porque xa non ían por alí. Só ían uns tipos estrafalarios a chantarse xiringas nos brazos. E a ese importáballes un pito que lles mexasen. Berbenbexo aburriábase.

— ¡Agora as trasnadas xa non as facemos nós! -diciálles aos seus compañeiros.

Un dos guías do museo era afiliado dunha organización ecoloxista e ía sempre ao traballo en bicicleta. Deixábaa no patio traseiro, detrás da fonte e do acibro e do magnolio. Berbenbexo empezou a buscarlle a diversión a aquela cousa, ata que se afeizoou ao ciclismo. E daquela Álvaro Pino tivo a ocorrencia de visitar o museo de Lugo. O trasno coúselle no portamaletas e viaxou canda el a Francia. Pino acababa de gañar a Volta Ciclista a España. Desde entón todo foron problemas. Berbenbexo non o deixaba en paz. Facía ruído polas noites, atáballe os cordóns dos dous tenis entre si, desincháballe as rodas, remexíalle nas maletas. Un suplicio. Queimoulle cun cigarro todos os maillots, facéndolle furadiños á altura das mameas. Álvaro non o podía soportar. Comezou a sospeitar que había alguén que lle facía aquilo, sen decatarse de que levaba un trasno incorporado. Obsesio-

nouse, adelgazou e perdeu a concentración.

— ¿E como conseguiu vostede cazalo? -pregúntalle le Kubbic ao corredor galego.

— Consegúin velo no espello, polo rabo do ollo. Agachábase detrás dunha caixa de zapatos. Era o Tour do ano 1989, e o moi túzaro levaba un gorro frixio en vez do seu colorado. Pero non me serviu de moito comprobar que era un trasno o que me molestaba e argallaba nas miñas cousas. Cos trasnos non hai quen poda. Así que seguiu igual. O que máis me amolaba era que cagase no sillín, que me escribise nos espellos cunha barra de labios que lle debeu roubar á miña muller, que sei eu, o demo de ocorrencias.

— ¿E que lle escribía?

— Parvadas, pero que me cabreaban moito: “Pino, mércate unha vespino”, “Pino, es un cretino”, etc. Os trasnos son teimudos, e este non o era menos. Pregunteille, falando en voz alta e sabendo que me oía, porque me trataba tan mal, ¿e sabe que me contestou? Dixo que era por me chamar Álvaro, que Álvaro Gil o privara dos torques e que houbera outro Álvaro, que era escritor e escribira de moitos trasnos, ata dun



curmán seu, que era de A Costa, Aríns; e coñecendo como coñecía o museo de Lugo, nunca escribira del. Así que se vingaba en min, sen ter eu culpa ningunha. E eu xa estaba ata...

— ¿E como se librou del?

— Non foi sen tempo. Cóntolle. Eu estaba nun magnífico momento de forma e, sen embargo, non podía facer nada nese Tour. Fíxese que o día da contrarreloxo pensabamos que ía chover e facer vento. Logo, puxemos só unha roda lenticular, por se acaso. Pois vai o perello e cámbiame a roda e ponme dúas lenticulares. Eu saio sen me decatar e xusto nesoponse a chover e quédome chantado. Eu berráballes: “¡Quitádeme unha destas rodas!” Pero nada, era imposible. Debín perder seis minutos. E todo por causa del. Fixen un Tour pésimo. Xa sei que moitos dirán que todo isto é unha desculpa, e tal e que sei eu, pero é a pura verdade. Continuou atormentándome todo o ano. Unha noite, no hotel, durmindo eu, ou mellor dito, case durmido, neso que chaman entresoño, sentín que se abría a porta. Era o trasno, que se arrandeaba nela, colgado dos pechos. Noutra ocasión estabamos todo o equipo ceando nunha mesa corrida. De súpeto apareceu o trasno andando por riba dela, cunha vara na man e

espetada nela unha enorme alimacha. Debera asala, que aínda botaba fume. Dixo berrando: “¡Está boa, está boa! ¿Alvariño, queres dela?” Pero o día que o collín foi un que estaba durmindo boca arriba, e espertei subitamente. Non podía moverme e sentía unha dor, unha opresión no peito. Levei un susto de morte. E era o trasno, que sentara enriba de min e pesaba cada vez máis. Ríase a gargalladas. Puxen toda a miña forza de vontade en erguerme, pero non conseguía nin mover unha man. Estaba paralizado. Vía os seus ollos coma faíscas, a súa pucha, a súa chaquetiña. Fixen un esforzo sobrehumano, moito maior ca nunha etapa de montaña e conseguín vencer a inmovilidade. Levantei un brazo e collino polos tirantes. Levaba tirantes agarrando os pantalóns. Díxenlle: “Ou me deixas en paz ou esfáchote”. Desapareceu por un tempo. Pero volveu. Só conseguín librar-me del por casualidade. Conteillo a un escritor galego, que escribiu un conto sobre Berbenbexo e o titulou “Un trasno do museo no Tour de Francia”. Non me volveu molestar, pero seguiu aparecéndose cada día para darme as grazas, se é que iso non é molestar.

— ¿Como se se sentise obrigado con vostede porque xa había un conto que falaba del?

— Algo así. Pero a sorte non me volveu. Tiven moitas lesións e dúas operacións de tendón. Só pensar en velo xa me poñía enfermo.

— Sen embargo vostede triunfou no Tour seguinte, tivo unha recuperación asombrosa.

— O escritor recomendoume que agasallase a Berbenbexo cun dos meus maillots. E funcionou. Nunca o volvín ver.

— ¿E soubo algo máis del?

— Pois si, souben. Volveu a Lugo. Remataran as obras no museo e xa non había tipos estrafalarios no patio, que o pecharan cunha verxa. Seguiu, ou segue, facendo das súas por alí. Nunha ocasión as guías atoparon no claustro, dentro dun sartego, un neno abandonado. Un neno de días, ou se cadra horas. Oíron como choraba, recollérono, levárono a un cuarto e déronlle calor cos seus corpos. Ían chamar á policía cando o neno estoupou, saíu unha nube de fume, convertiuse no trasno, deu un brinco enriba dun armario e berrou: “¡Huhuruhuhú, as nenas do museo quentáronme o cu!” -e desapareceu.

Remata deste xeito a entrevista que le Kubbic mantén co campión galego, pero non as referencias a Galicia, xa que no capítulo

seguinte, último do libríño, conta o autor que viaxa á nosa terra, pasa unha noite, con permiso das autoridades, no interior do museo, acompañando ao garda de seguridade, e consegue ver a Berbenbexo á fronte da súa caterva de trasnos e na compañía dalgunhas das pantasma que habitan nos cadros, concretamente unha tal Publilia Florina, que vivía, ao que se ve, nunha lápida romana e era unha nena “extremadamente pálida e quebradiza”, morta moi nova dunha enchenta de cereixas; outro rapaz que chamaban Diego e moraba nun cadro, dentro dunha cabana que defendían uns homes armados e na que se agachaba un tesouro de moedas de ouro e prata; e un individuo atrabiliario, de cabeza moi grande, que chamaban Cascarilla a Pufu e vivía nun cadro que o representaba. Era igualiño que a súa imaxe, di le Kubbic, e imaxinaba que estaba casado sen estalo, e sempre ía falando coa súa muller inexistente, pantasma dunha pantasma.

Xa non hai máis que fale de Lugo nese libro. Mais o caso que me ocupa, e que me moveu a escribir esta reseña, é que desapareceron absolutamente todos os exemplares publicados, xa non queda ningún. Por iso reclamo a súa reedi-

ción. E é que hai autores que o teñen por un libro mítico e din, a pesar das reseñas de Pont e de Fernández Paz (que foi de onde eu tirei todos os datos), que o libro nunca existiu ou que non chegou a editarse. O inglés Bridges-Field vai máis aló e di que todo foi unha invención dun guía do museo, un tal Reigosa. Só a aparición dun exemplar demostraría que iso non é así. E aquí vén o máis curioso: o escritor lucense Paco Picapeixe Lamego afirma seriamente que hai un, que se garda precisamente na biblioteca do museo de Lugo, pero que se garda nun lugar especial, encadeado con sete cadeas e pechado cun colosal cadeado, non se sabe ben se por medo a que fuxa ou a que o rouben. Segundo el, moi poucos lugueses conseguiron velo. Confeso que non me atopo entre eles.



Noticia dos autores

Xoán M. Balboa Vázquez (Lugo, 1938)

Nacín en Recatelo, rúa por medio da Taboadesa, en fronte xusto do cuarto onde pasaba consulta O Cacharulo, menciñeiro de moita sona. Foi polo serán dun vinteseis de Nadal, frío e chuvioso. Axudoume a vir ao mundo dona Remedios, parteira, avoa de Felipe Arias, director hoxe en día do Museo do Castro de Viladonga. Teño feitas varias exposicións de debuxo, pintura e esmaltes, lería que deixei cando me dei conta de que non me chamara Deus por ese camiño. Fun oficinista e moutei negocios de hostalería e fotografía. Hoxe remato a miña vida laboral como restaurador do Museo de Lugo. Din que todo home ten unha biografía; pode ser. Pero o que eu non teño, diso estou seguro, é unha autobiografía.

Alejandro Carro (Lugo, 1964)

Son un pintor fronteirizo, dual, que asume deliberadamente esa xeografía, ese territorio límite do contraposto como vectores do desenvolvemento da miña obra; na que a abstracción e a figuración, a razón e a emoción, o lírico e o dramático se conxugan potencialmente para configurar ese universo persoal, real e soñado que caracteriza a miña obra.

Xabier P. DoCampoo (Rábade, Lugo, 1946)

Escritor e mestre. Como docente sempre estiven relacionado cos movementos de renovación pedagóxica. Impartín conferencias e ponencias e cursos de profesores sobre da didáctica da lingua e da literatura, así como da utilización didáctica da narración oral. Son autor de libros de texto para a escola e de ensaios didácticos e pedagóxicos.

Fun actor e director de teatro, guionista de radio, vídeo e televisión. Como autor de Literatura Infantil e Xuvenil escribín máis de vinte obras. Entre outras, son autor de *O misterio das badaladas*, *A chave das noces*, *O país durminte*, *Cando petan na porta pola noite*, *O pazo baleiro*, *Un conto de tres noites*. Entre os premios que recibín conto o Premio Rañolas, Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, Honour List IBBY, The White Ravens. A miña última obra publicada é *A casa da luz*.

Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947)

Nacín en Vilalba, no ano 1947, así que pertenzo á derradeira xeración que medrou sen a presenza do televisor. Daquel tempo lembro as historias de medo contadas ao redor da cociña de ferro, os libros de aventuras que tiña meu pai, os moitos cómics que lin, as poucas películas que podíamos ver no cine. Estudei Peritaxe Industrial, Maxisterio e Ciencias

da Educación. Na actualidade, dou clases de Lingua Galega e Literatura no IES Os Rosais 2 de Vigo, a cidade na que vivo.

Levo escritos xa ben libros, algúns deles premiados e traducidos a outras linguas. *As flores radioactivas*, *Cartas de inverno*, *Contos por palabras*, *Aire negro*, *Rapazas*, *Trece anos de Branca*, *Cos pés no aire*, *O centro do labirinto*, *Avenida do Parque*, 17, etc. O último que publiquei é a novela *Noite de voraces sombras*.

Miguel A. Macía (Lugo, 1955)

Nacín na Praza do Campo, preto do Museo, o 29 de xullo. Dende neno sentín unha grande atracción polo debuxo e a pintura. Foi alí no Museo onde vin os primeiros cadros que prenderon en min dunha maneira afianzadora. Tiven claro que quería ser pintor, e aos vinte anos marchei a Madrid co fin de consolidar a miña formación artística; despois, catro anos máis tarde, estaba en Valencia onde obtiven a licenciatura na especialidade de pintura e retornei a Lugo porque é a miña cidade. Adiquei moitos anos á aprendizaxe da color, do claroescuro, das texturas, da composición, a esas obras abraiantes dos grandes mestres aos que sempre mirei con admiración e sen compararme. E fun ás súas casas; á do Greco en Toledo, á de Durero en Nuremberg, á de Rubens en Amberes, á de Rembrand en Amsterdam, á de Vermeer en Delft... Pero quedei na miña... pois eles xa non estaban.

Paco Martín (Recatelo, Lugo, 1940)

Un día Xurxo Lobato quixo fotografarme contra o fondo de nenas e nenos da *Escola da Doloriñas* e conseguí que eu aparecese case formando parte da pintura. Agora, cando miro a fotografía comprendo porque estou tan identificado con ela: a verdade é que andei case toda a miña vida en circunstancias moi semellantes ás que a foto deixa ver. Primeiro entre os demais cativos do barrio de Lugo no que, hai xa moitos anos, fun medrando mentres corría atrás dunha pelota feita de farrapos, nadaba nas augas do Miño, andaba ás mazás polas hortas de Fingoi, acudía á escola de don Domingo e tiña oportunidade de escoitar aos maiores cando contaban historias de lobos feros e ouveadores nas noites sen lúa, de pantasma que procuraban xustiza e vinganza desde outros mundos tenebrosos, de arriscadas aventuras de emigrantes en afastados países e milleiros de contos máis que me viñeron acompañando ata que tamén eu cheguei a me facer mestre como a Doloriñas do cadro de Julia Minguillón e seguir así, rodeado de cativos, ata o día de hoxe. Nunca quixen esquecer aqueles relatos que encheron a miña

infancia nin a felicidade que a todos nos proporcionaban. Supoño que esa foi a razón principal de que, andado o tempo, a min me dese por escribir historias que outros puidesen ler e así vivir noutras vidas, camiñar canda outras xentes, inventar outros pasados e outros futuros, soñar outros soños e mesmo sentir outros sentimentos. E aquí me tedes.

Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955)

Nacín en Lugo, moi preto da muralla, nun chalé que xa non existe, nos últimos días de 1955. Medrei nun barrio a medias obreiro, con moitos espazos aínda sen edificar e grandes prados, hortas e chousas. Xoguei moito ao aire libre cos meus amigos e lin algúns libros e tebeos. Licenciéime en Bioloxía na Universidade de Compostela, en 1978. Son profesor de Bioloxía e Xeoloxía no Instituto Xoán Montes da miña cidade natal. Desde neno escribin versos. Proximamente editarase a miña *Poesía reunida (1973-2002)*. En 1988 comecei a escribir prosa, relatos e novelas para adultos. Teño dous fillos. Para eles escribín algúns libros do que se deu en chamar literatura infantil e xuvenil. No 2000, con 44 anos, atrevínme a publicar libros para nenos, como *Lúa e os nubeiros*, *Feitizo*, *Aventuras do coello Federico*, *Ariadna* e *Pel de lobo*. Son especialista en literatura de tradición oral. Xunto a Antonio Reigosa e Xoán R. Cuba publiquei moitos libros de contos populares galegos, dirixidos a un público infantil, reunidos na colección *Cabalo buligán*, da que son codirector, así como o *Dicionario dos seres míticos galegos*, a *Pequena mitoloxía de Galicia* e o recente *Cando os animais falaban*.

Paco Pestana (Castroverde, Lugo, 1949)

Artista multidisciplinar, realiceí máis de 120 exposicións de escultura e estiven presente nas bienais de escultura de Zamora, Oviedo, Pontevedra, Tárrega, e en simposios en Santander, Wismark, Portugal, ...

As miñas últimas exposicións tiveron lugar na Fundación Granell, na Casa da Parra en Santiago de Compostela, Museo de Lugo, Fundación Torrente Ballester de Ferrol, Museo de la Pasión de Valladolid, Museo de Lalín (Pontevedra), Auditorio de Galicia en Santiago e Museo de Ourense.

Colaboro en revistas e nos xornais escribindo sobre arte e humor. Publiquei poesía e colaborei en radio e en montaxes teatrais.



Índice

Presentación

Antón Bao Abelleira	7
Aurelia Balseiro García	10

Rutas literarias polo museo

Departamento de Didáctica	13
---------------------------	----

Visita nocturna

De Xabier P. DoCampo	16
----------------------	----

A serpe de pedra

De Agustín Fernández Paz	44
--------------------------	----

Un paxaro posible

De Paco Martín	76
----------------	----

Un trasno do museo no tour de Francia

De Xosé Miranda	102
-----------------	-----

Noticia dos autores

125

2010

*Contos do museo. Relatos do Museo
Provincial de Lugo*, rematouse de
imprimir, na súa terceira edición o
día 23 de decembro de 2010.